
XV PREMIO DE INVESTIGACIÓN XESÚS FERRO COUSELO

AS TELLEIRAS DE VALGA E COMARCA E AS FÁBRICAS DE CERÁMICA. (1850-1965)

ALEJANDRO FERNÁNDEZ PALICIO

tecnoloxiasapropiadas@gmail.com
www.tecnoloxiasapropiadas.wordpress.com








Imaxe superior: O telleiro Manuel Fariña na telleira de As Rañas, unha das chamadas telleiras de Vilar xunto cun aprendiz.

Imaxe inferior: Fotografía da cuadrilla con Manuel Fariña e outros telleiros no forno de As rañas.

fotografías cortesía de Milagros de Xamardo


cc
BY
SA

0_INDICE

O oficio dos telleiros en Galicia ten sido escasamente estudado en Galicia e nunca dunha maneira concienciuda. Exceptuando a excelente obra de Adela Leiro Lois, Xosé Ramón Daporta e Saúl Otero; *As telleiras (cabaqueiros)* sobre o oficio no Salnés e as coidadosas achegas de Feliciano Trigo Díaz e Praxíteles González Martínez sobre o Baixo Miño pouco ou nada se ten escrito sobre este vello e duro mester. Apenas queda destacar o interesante art*igo As telleiras tradicionais. O exemplo Aresán d*e Lois Ladra publicado en Cátedra así como unha serie de *blogs* que nos derradeiros anos intentan recompilar as derradeiras lembranzas dos cabaqueiros.
Agradamos complementar con este traballo ós estudos anteriormente citados ampliando o coñecemento do traballo nas telleiras á zona do Baixo Ulla e insinuando o posible traballo que se desenvolveu no Barbanza.

Agradecemos ó Concello de Valga e ó seu persoal, especialmente a Mon, Fran Vanesa e Miguel, pola axuda prestada así como ós veciños de Valga e comarca que amable e pacientemente deron resposta ás nosas demandas sobre a arte de producir tellas.

I_INTRODUCCION

Aproximación xeográfica e histórica ó territorio valgués.

O actual concello de Valga sitúase no curso baixo do río Ulla, nunha zona con incidencia inter-mareal, navegable ata Pontecesures, o que a sitúa no límite de influencia do territorio da ría de Arousa. As súas escalas altimétricas oscilan entre o nivel do mar e os 372 metros do monte Fontebecha.

Aínda que é unha zona con predominio granítico posúe contra o río de numerosos terreos de aluvión do cuaternario, o que explica a existencia de arxilas no territorio. Estes terreos permitiron así mesmo a existencia dun val moi vizoso no tocante a agricultura.[1]

Ten vestixios de poboadores dende a idade de bronce, con restos da época castrexa, romana e da alta idade media.

Durante a baixa idade media formaba parte do señorío do arcebispado de Santiago, baixo as xurisdicións de Padrón, que comprendía entre outras ás parroquias de Campaña e Requeixo; e a xurisdición de Cordeiro, que comprendía o resto das parroquias do actual concello de Valga e algunhas do de Catoira.

O concello de Valga nace en 1821 coa nova división chegada da Constitución de Cádiz, chamándose primeiramente Cordeiro.

Estaba formado por seis freguesías: Santa Cristina de Campaña, Santa Comba de Cordeiro, San Salvador de Setecoros, San Miguel de Valga, Santa María de Xanza e San Xulián de Requeixo. Esta derradeira parroquia escindiuse en 1925 formando o Concello de Pontecesures.

[1] Las tierras cultivadas de Valga y Pontecesures. Misión Biológica de Galicia. CSIC. 1971. B. Sánchez Rodríguez, G. Dios Vidal, A. García Sánchez.

Situación de Valga nos eixos de transporte rexional.

O concello de Valga sitúase no importante eixe da estrada que unía Pontevedra e Santiago, hoxe N-120 e a súa nova paralela, a autoestrada A-9. A estrada era paso obrigado para poder cruzar a ponte do río Ulla. Ademais, desta ponte parte a estrada que une Pontecesures e Vilagarcía e vai cara o Salnés. O resto de estradas teñen un carácter mais local.

Tamén polo concello pasan as vías do ferrocarril A Coruña-Vigo. Este ten parada en Pontecesures e Catoira, mais non en Valga. A poboación de Valga aproveitou o ferrocarril principalmente para o transporte de mercadorías dende Pontecesures e Vilagarcía.

O ser o Rio Ulla navegable no tramo valgués comezou a despuntar a finais do século XIX un intenso tráfico de mercadorías por toda a ría, onde se traficaba con madeiras, area, barro e outras.[2]

[2]Feiras, industria, comercio e transportes no concello de Valga (1850-1930). Daniel Seijas Llerena. 2006

II_REFERENCIAS HISTORICAS A FABRICACION DE TELLA

Achados romanos na comarca.

Os primeiros restos de traballo do barro na comarca datan de época antiga, con achados que datan de época fenicia e romana: Numerosas pezas de cerámica de moi diversas orixes foron atopadas nas ribeiras do río Ulla.[1]

No tocante ós lugares onde se manufacturaban produtos cerámicos atopamos dous exemplos representativos no territorio adxacente ó baixo Ulla:

-No Porto de Pontecesures atopouse en 1960 un forno de 1 metro cadrado de superficie[2] (1x1 metros) e 1 metro de altura, construído en pedra con argamasa de granito molido. O forno estaba enterrado a 4 metros de profundidade e no seu interior atopáronse restos de cerámica diversa. O forno completábase cunha senda pavimentada con pedra de seixo que conducía supostamente a un embarcadoiro no río Ulla. Este forno foi demolido para a construción dunha nave industrial sen poder ser datado con precisión.

[1]Space and memory at the mouth of the river Ulla. in Ana M. S. Bettencourt and others: Spaces and Places for Agency, Memory and Identify in prehistoric and protohistoric Europe, Proceedings of the 15 Congress of the International Union for Prehistoric and Protohistoric Sciences, Lisbon, 2010.
Historia de Pontecesures. José Piñeiro Ares. Concello de Pontecesures, 1989.

[2]Historia de Pontecesures. José Piñeiro Ares. Concello de Pontecesures, 1989.



01



01: Debuxo do forno atopado no porto de Pontecesures. Historia de Pontecesures. José Piñeiro Ares. Concello de Pontecesures, 1989.
02: Fragmentos de vasixas atopadas no río Ulla, século Id.c. Ibídem.

-No Castro de Alobre, Vilagarcía de Arousa, atopouse unha edificación circular cos restos dun forno romano que corresponden a unha telleira de tipo industrial.[3] É unha testemuña do traballo do barro na área dende tempo moi antigo.[4,5]

Apenas temos en Galicia referencias de outros achados semellantes no tocante á fabricación de tella. Tan só temos constancia do alfar romano atopado en Panxón[6], do forno da factoría pesqueira atopado na parroquia de San Martiño de Bueu[7], dos fornos da rúa Nova en Lugo[8], do forno romano de Boimorto[9]; e mais dos fornos na parroquia de Tortoreos, As Neves[10].

[3]http://valminorarqueologico-etnografico.blogspot.com

[4]http://www.blogoteca.com/arqueoloxia

[5]"El concello invita a ver la exhumación del horno de la telleira romana de Alobre", 14 de xullo do 2009. Artículo no Faro de Vigo.

[6]http://valminorarqueologico-etnografico.blogspot.com

[7]Noticia preliminar del primer horno y alfar de ánforas gallegas. Pedro Díaz Alvarez y Manuel Vazquez Vazquez, editorial Artes Gráficas Galicia 1988.


[8]Memoria de resultados. Excavación arqueolóxica Amor meilán 5-7, Rúa Nova 84, Bolaño Ribadeneira 18; Lugo. Alcorta Irastorza, Enrique e Carreño Gascón, Covadonga. Sen ano de publicación.


[9]Catálogo do Plan Xeral de Boimorto. 2007.


[10]"Hornos romanos de As neves". Artículo no Faro de Vigo. 20 de setembro 2008. "Hallan 4 hornos romanos en las obras del puerto seco de Vigo". Artículo en El país. 17 de setembro 2008.



03: Fotografía do forno cerámico do Castro de Alobre. Vilagarcía de Arousa. Fotografía do autor. 2011







Imaxes 04, 05 e 06: Fragmentos dos paneis explicativos do forno cerámico do Castro de Alobre, Vilagarcía de Arousa; onde poden apreciarse os restos conservados (04) e unha recostrucción do estado orixinal do mesmo (05 e 06)

As telleiras en Valga e comarca durante os séculos XVIII e XIX.

1_Catastro de Ensenda:[11]

[11]Respuestas Generales del Catastro del Marqués de la Ensenada (1750-1754)

As primeiras referencias dende época romana que temos sobre o traballo en telleiras na área dende a época romana datan do século XVIII no Catastro de Ensenada (1750-1754) onde aparecen algunhas anotacións sobre o traballo das telleiras nas diversas parroquias. Nas respostas á pregunta 17:

"Si hay algunas minas, salina, molinos harineros u de papel, batanes u otros artefactos en el término, distinguiendo de qué metales y de qué uso, explicando sus dueños y lo que se regula produce cada uno de utilidad al año."

así como á resposta á pregunta 33:

"Qué ocupaciones de artes mecánicos hay en el pueblo, con distinción, como albañiles, canteros, albéitares, herreros, sogueros, zapateros, sastres, pelaires, tejedores, sombrereros, manguiteros y guanteros, etc.; explicando en cada oficio de los que hubiere, el número que haya de maestros oficiales y aprendices, y qué utilidad le puede resultar, trabajando meramente de su oficio, al día cada uno."

Atópanse algúns datos relativos a éstas:

-Na parroquia de Santa Columba de Louro (e Cordeiro):

"...tambien hai en la misma freguesía cuatro hornos de cocer teja el uno de Salvador Perez el que

cuece tres hornadas al año y en cada una Cien moios de teja y cada uno de precio de tres reales, importan nuevecientos al año cuyo horno esta sito en el lugar de Peón, y los otros tres en las Gándaras a Cordeiro término de otra freguesía el uno de la Fábrica de ella que cuece siete hornadas al año y en cada una ciento y veinte moios y quatro reales importan trecientos y noventa, y las de todo el año, ochocientos y quarenta moios y a otro precio dos mil quinientos y veinte reales = otro de Rafael Anjedondo vecino de la Villa del Padrón que cuece seis hornadas al año y en cada una los mismos ciento y veinte moios, que importan en el siete cientos y veinte, y cada uno de los tres (...) suman dos mil ciento y sesenta_ y otro de los vecinos del lugar de gandara cuece cuatro veces al año, y en cada una ciento y veinte moios, y en las cuatro, cuatrocientas ochenta que de los tres reales importan mil quatrocientos quarenta reales_"

Os "fabricantes de texa" desta parroquia eran cincuenta e un no ano 1752:

*"Alonso de chanes, (...)Ferreirós_Juan anxo. Antonio Pardal. Mathias Castiñeiras_ Francisco de Portas_ Eugenio das Eyras, Andrés Soage, Juan Vazquez, Benito de Castelo Agudín. Francisco piñeiro, Pascual Vazquez, Mateo Castro, Agustín e Manuel de Otero. Pedro Gomez, Joseph Gomez, Andres Guil, Francisco de Otero, Bartolomé de Lestido,Domingo Gomez, Alberto Pardal, francisco Magariños, Pedro Ferro, Julian ferreiros y Andres Miguens todos fabricantes de teja se les regulo a cada uno de vialida al año ciento y ochenta reales vellon en cada uno_*
Andres ferreiros tambien fabricante de teja y Roque Martinez se le regularon a cada uno noventa reales

*vellon de vialidad al año_*
*Bartolome Castiñeiras, Savador Perez y Pedro ferreiros tambien fabricantes de teja se les reguló a cada uno ciento y ciencuenta reales de vialidad de año_*
*Alberto Castro Agudin y Miguel Lovatto tambien se les regulo ciento y veinte rales al año_*
*Pedro vazquez, Joseph Pardal_francisco Castaño, Lucas Castaño, Francisco de Louro, Gregorio Liñeiro, Domingo y Antonio de Barros tambien fabricantes de teja se les regulo a cada uno noventa reales vellon a cada uno vitalicio al año_*
Blas de Louro y Domingo Antonio Piñeiro tambien fabricantes de teja se les reguló a cada uno ciento y treinta y cinco reales de vialidad de año.
A Domingo Romay tambien por fabricante se le reguló ciento y noventa y ocho reales de vialidad de año.
Juan de Isorna y Lorenzo de Otero por fabricantes de teja se les regulo al año
*de vialidad a cada uno ciento y treintareales vellon acada uno_*
Domingo Barreiro y Domingo Perez tambien por fabricantes de teja se les regulo a cada uno noventa reales de vialidad de año.
Juan Antonio de Louro y gregorio de Figueira tambien fabricantes se les regulo a cada uno cien reales de vialidad de año.
Francisco Perez tambien fabricantes de teja se le regulo de vialidad ciento y veinte reales vellon al año.”

-Na "Jurisdicción de Padrón. Feligresías de Santa María de Hervón, San Julián de Requeijo e Santa Christina de Campaña":

"...y añaden que en la (feligresía) de Campaña haya cuatro hornos de Fabrica de teja para cocer la que a uno de ellos, los de hermandad de Benito Grande Santiago de Abalo y otro, sito en el lugar de la devesa _ otro en la veiga de la iglesia y (...) propio de doña Josefa Gonzalez de Cordoba vecina de Santa Maria de (...) en el que fabrican los vecinos de el lugar, otro de hermandad de Pedro de (...) Agudín, Miguel Pardal y Cervantes sito en la veiga de telleira (...) y el otro en el lugar propio de don Benito Granda y Cancelado, vecino de la villa de Padrón en el que tambien trabajan los vecinos de el y (...) a cada uno al año cuatrocientos reales (...)."

"Fabricantes de teja
Francisco Romay = Pedro (...)= Antonio Gil = Benito Pere z =Francisco (...) = Domingo Grana = Justiano Abalo= Domingo Antonio Rodriguez = hijo de Gabriel = Jacobo Villanueva= (...) Gonzalez hijo de Luis =Francisco Castiñeiras = Santiago Abalo = Francisco Magariñas = Pedro Cav(...) Agudin = Andres de Castro Agudin =Francisco Blanco = Angel Pardal = Pedro Gil = Andres Castiñeiras = Pedro de Louro = Fernando Magarina = Alberto Barreiro = Francisco Gavamanes = Luciano Rodriguez = Nota
(...) regular anualidad al año (...) ciento y treinta y cuatro reales"

Había 24 telleiros na parroquia nese momento.

-Outras parroquias da comarca

No tocante ás parroquias de San Miguel de Valga, San Salvador de Sete Coros, Santa Baia do Oeste (na que se conservan restos dunha telleira), San Mamede de Abalo e San Miguel de Catoira (que tivo telleiras e olarías ata tempos recentes) non hai referencias a ninguna telleira nesta época.

-**Parroquias da marxe norte da ría de Arousa**

En Santa María de Isorna (na que hoxe en día se conservan restos dunha telleira) e San Pedro de Dimo non hai referencias a ninguna telleira nesta época.

En Santa Olalla de Boiro di o Catastro:

"Hai tamen catro fornos para fabricar tella no partido da Ínsua, dos cales (...) teñen asinada e entregada unha lista na que os seus donos declararon o bebeficio que cada un lle rende, segundo constará nela, á que se remiten."[12]

Na freguesía de San Cristovo de Abanqueiro afírmase:

"Só hai cincontanove viveiros de ostras e catorce fornos de fabricar tella, cuxos donos e beneficio incluiron na lista que teñen preparada, asinada e entregada".[13]

No resto das parroquias do actual Concello de Boiro non hai referencias a telleiras.

[12]Catastro de Ensenada. Boiro e as súas freguesías (1753).Edición Xose Agrelo Hermo. Toxosoutos 2007.
[13]Ibídem.

-Referencias a telleiras no Salnés

-Polo que repecta á zona de A Lanzada, O Grove e Sanxenxo, no catastro non se nomean actividades de fabricación de tellas. Solo se sinala a existencia de

"las salinas que hay en las feligresías de Noalla y Villalonga, las que pertenecen a s.m. Y algunas de ellas se hallan arruinadas".

Tampouco na actual área de Vilagarcía e Vilanova de Arousa se fala de telleira ningunha.

Á pregunta 37 do Catastro de Ensenada:

"Si hay algunos individuos que tengan embarcaciones, que naveguen en la mar o ríos, su porta, o para pescar; cuántas, a quien pertenecen y que utilidad se considera da cada una a su dueño al año."

respondeuse negativamente en San Miguel de Valga, Santa Columba de Louro, San Miguel de Catoira, Santa María de Isorna San Eulalia de Este, San Mamede de Abalo e San Pedro de Dimo.

En Santa Cristina de Campaña e San Xulian de Requeixo (Pontecesures) se responde afirmativamente, pero sin precisar su número.

A este respecto o Padre Sarmiento na súa viaxe de 1754[14] resalta a importancia mariñeira de Requeixo que contaba xa daquela con 185 homes e 43 embarcacións

[14]Viaxe a Galicia (1745). Frei Martín Sarmiento. Editorial Toxosoutos 2001.

Na zona de A Lanzada, O Grove e Sanxenxo cítase que

“no hay embarcaciones, mas que algunas de pesca en la villa de San Martín del Grove y algunos pataches en el de San Gengo y una lancha que lo mas del año se ocupa en conducir costales de grano a moler en los molinos de la otra banda del mar, península del Morrazo.”

Referencias noutros lugares históricamente significativos na fabricación de tellas:

-Non se cita telleira ningunha na parroquia de Fiolledo (Salvaterra de Miño)

-En Monforte (na vila) había 5 telleiros recollidos no Catastro de Ensenada.

-Na zona de Bergantiños hai varias telleiras sin que saiba con certeza o seu número.

-En Neda hai unha fábrica de tella no lugar de O Puntal

-Na zona do Rosal, A Guarda e Tui non se cita a existencia de traballo de telleiros no lugar.

TELLEIRAS RECOLLIDAS DO CATASTRO DE ENSENADA NO BAIXO ULLA					
Nome da telleira ou propietario	Tipo de propiedade	Coccións cada ano	Número de moios por coción	Precio do moio (reales)	Total ó longo do ano (reales)
Santa Comba de Louro					
De Salvador Pérez	única	3	100	3	900
Da Fábrica	-	7	120	3	2520
De Rafael Anjedondo	única	6	120	3	2160
Da Gándara	única	4	120	3	1440
Santa Cristina de Campaña					
De Benito Granda, Santiago de Abalo y otro	irmandade				400
De Dª Josefa González de Cordoba	única				400
De Pedro de Agudín, Miguel Pardal y Cervantes	irmandade				400
Benito Granda	única				400
NÚMERO DE TELLEIROS NAS PARROQUIAS EN 1752					
Santa Comba de Louro				51 traballadores	
Santa Cristina de Campaña				24 traballadores	

2_Diccionario de Sebastian Miñano (1826-1829)[15]

No Diccionario geográfico y estadístico de España y Portugal (1826-1829) de Sebastián Miñano continúan as referencias ás telleiras de Valga:

-Na parroquia de Santa Cristina de Campaña sinala o diccionario que produce:

"maiz, centeno, lino, vino y algún trigo. Industria, hacer tejas."

-Na parroquia de "Santa Columba de Cordeyro" di que produce:

"maiz, centeno, lino, vino y algún trigo. Industria, hacer tejas."

-Para a parroquia de Santa Columba de Louro, jurisdicción de Cordeiro indica que:

"produce maiz, vino, trigo, avena y habas. Industria, I fábrica de teja."

-San Miguel de Catoira produce :

"maiz, centeno, vino, lino y algún trigo. Industria, alfarerías."

-Santa María de Isorna:

"produce maiz, cento, lino, algún trigo y pesca."

[15]Diccionario geográfico y estadístico de España y Portugal (1826-1829) de Sebastián Miñano.

-San Pedro de Dimo:

“produce granos, ganado y vino”

-**Outras parroquias da marxe norte da Ría de Arousa:**

No resto das parroquias dende Boiro ata Rianxo e Ribeira non se mencionan fábricas de tella. (Nin sequera nas freguesías de Santa Olalla de Boiro e San Cristovo de Abanqueiro)

-**Na comarca do Salnés:**
Nin en Vilalonga nin en Dena nin en Vilagarcía; tampouco en Noalla ou Bamio nomea as fábricas de tellas como industria do lugar. En tódalas voces remítenos a voz Salnés na que di que os productos que producen:

“...mucho vino, maiz, algún centeno, poco trigo, mucha y rica fruta, lino y toda clase de hortalizas. (...) Los pueblos que habitan ambas costas se ocupan generalmente en la marinería y en la pesca de sardina.”

Referencias noutros lugares históricamente significativos na fabricación de tellas:

-Na Guarda:
(que comprende Eiras, Tabagón, e o Rosal), os maridos

“van a trabajar de albañiles a Castilla”,

sen que aparezan referencias a fabricación de tellas.

Aínda que esta referencia podería servir para entender a posterior emigración dos telleiros do Rosal por toda Castela e a importación da arte de producir tella.

-En Salvaterra hai unha fábrica de tella na parroquia de Fiolledo.

-En Chantada non cita fábricas de tella. Tampouco en Xubia, Neda, Boimorto, Monforte nin Santa María de Torás (que inclúe A Laracha)

3_Diccionario de Pascual Madoz (1848)[16]

No Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar Pascual Madoz referencia de novo as telleiras da zona:

-En Santa Cristina de Campaña, que comprendía as aldeas de

"Debesa, Iglesia, Pumariño, Torre, Souto y el de su nombre"

no apartado de industria sinala o diccionario que

"además de la agrícola, se cuentan varios molinos harineros, telares de lienzos caseros y tambien se dedican los habitantes a fabricar tejas."

-En Santa Columba de Louro, que comprendía as aldeas de

"Vilar, Vilarello, Lages, Peón, Carracido, Castiñeiras, Carballa, Ferreirós, Beiro, Casanova, Forno, Soocastro, Balellas, Canle, Barro, Gándara, Ciras, Outeiro y Cuabriños",

sinalando no a apartado de industria e comercio:

"la agricultura, la ganadería, 8 molinos harineros y algunas fábricas de teja de mala calidad"

Esta mención á mala calidade das tellas se refería a que continuaban a producirse co barro procedente unicamente da bisbarra, sen misturalo co barro do Salnés, tal e como se vai facer anos despois.

[16]Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar (1845-1850) de Pascual Madoz.

-Outras parroquias da comarca:
En San Miguel de Valga, San Salvador de Setecoros e Santa María de Xanza non se citan fábricas de tella.
En Santa María de Isorna e en san Pedro de Dimo non cita fábricas de tella nin de outro tipo.
En San Miguel de Catoira,

“además de la agricultura, se cuentan varios molinos harineros; y alfarería de loza y vasijas bastas que se venden para la gente pobre en las feligresías inmediatas.”

Non hai telleiras en Santa Baia do Oeste, San Pedro de Dimo nin San mamede de Abalo.
En San Xulián de Requeixo

*“se cría ganado vacuno y hay pesca de varias c*lases”

-Parroquias da marxe norte da ría de Arousa:
Nin no partido xudicial de Noia (Boiro, Lousame, Noia, Puebla del Carmiñal, Ribeira y Son) nin no de Padrón (Dodro, Padrón, Rianxo, Rois y Teo) figura algunha fábrica de tella. En particular:

En Dodro, en ningunha das parroquias.
En Padrón, nin en Santa María de Herbón nin nas demais parroquias cítanse telleiras.

Tampouco no concello de Rianxo onde a industria é

“la agrícola, marinera y pesca, telares para lienzos, molinos harineros y varios oficios de primera necesidad”

No concello de Boiro a industría é

“la agrícola y fab. De salazón de sardina en el cabo de la Cruz”

No concello de A Pobra do Caramiñal a industria é

“la agrícola, construcción de barcas pescadoras, pesca y salazón de sardina en muy corta cantidad, telares para el hilo y lana que hilan mujeres del pais, las cuales se ocupan tambien en la elaboración de encajes del pais”

-En Ribeira a industria é

“la agrícola y 4 molinos harineros”

Tampouco no resto do partido xudicial de Cambados, ó que pertence Valga, cítase ningunha telleira mais.

-Referencias no Salnés:
En toda a ría non se nomean telleiras salvo 3 en Sanxenxo e 5 alfarerías en Bamio. No resto dos concellos (Carril, Grove, Meaño, Meis, Rivadumia, Vilagarcía, Vilaxoan, Vilanova de Arosa e Cambados) non se nomean:

En Santa Eulalia de Dena (Meaño) producese:

trigo, maiz, centeno, vino, hortaliza, lino y frutas; se cría ganado vacuno y lanar. Hay pesca de varias clases”

En Vilagarcía de Arousa non nomea fábricas de tella.
En “San Ginés de Padriñan”, non sinala ningunha.

En “San Pedro de Villalonga, ayuntamiento de San Jenjo” hay industria

“la agrícola, molinos harineros y una fábrica de teja”.

En San Estaban de Noalla a industria é

“la agrícola, molinos harineros, un almacén de sardina y 2 fábricas de teja.”

Son as dúas primeiras referencias de fábricas de tella na zona.

Non se nomean telleiras nin en San Martín nin en San Vicente de O Grove, nin en San Vicente de Oubiña, San Adrían de Vilariño, San Mamede de Corvillón, Santa Cruz de Castrelo, Santa Mariña de Cambados, nin nas parroquias do concello de Ribadumia, nin nas parroquias de Vilanova ou Vilagarcía de Arousa.

Salienta dicir que as industrias da zona de Valga son anteriores ás do Salnés. Cando comezaron as do Salnés, en Campaña, Louro e Cordeiro xa funcionaban dende hai moito varias fábricas de tella.

-Referencias noutros lugares senlleiros da industria telleira:

En Santiago de Boimorto non se citan telleiras nesta época.
No concello de A Guarda a industria é:

"la agricultura, molinos harineros de viento y agua, fábricas de jabón, de mantelería y de loza ordinaria."

Detallando cada parroquia:
-En San Lorenzo de Salcidos (A Guarda) a industria é

"la agrícola, 2 molinos harineros impelidos por el agua, uno de viento y una aceña"

-En A Guarda la industria é

"la agricultura, molinos harineros de viento y fabricación de calcetas, mantelería y loza ordinaria"

-En Santa Mariña de O Rosal (hoxe concello de O Rosal) a industria era

"la agrícola, molinos harineros y sierras de agua para corte de maderas"

-En San Xoan de Tabagon,

"industria: la agrícola y 3 molinos harineros"

-En San Miguel de Tabagón,

"industria: la agrícola, 3 molinos y una aceña"

-San Bartolomé de Eiras,

“industria: la agricultura y pesca”

-Santa Isabel de Camposancos:

*“industria: además de la agricultura y ganadería se cuentan 3 molinos harineros de viento y una fábrica de jabó*n”

Tampouco en Ferrol ou Serantes, mais en Xubia nomea

“3 fábricas de teja y baldosa”

En Salvaterra de Miño existen

“fábricas de teja”

En A Laracha atópanse

“algunos tejares y alfarerías”

En Chantada atópanse

“algunos tejares”

No partido xudicial de Monforte hai

“algunos tejares”

4_Conclusións ó capítulo 3.

Retomando o exposto ata o momento podemos enunciar algunhas ideas a modo de resumo:

1_As telleiras de Valga e Boiro son moi antigas, anteriores ó século XVIII, sendo unha das áreas de Galicia punteiras na súa fabricación desa época.
2_As telleiras en Valga e Boiro son anteriores ás do Salnés, onde nesta época só atopamos salinas, sendo incluso anteriores ás da zona do Rosal, a pesares de que nas épocas recentes moitos dos telleiros asentados en Valga procedían destas localidades.
3_A fabricación das tellas en Valga, a lo menos durante o século XVIII e parte do XIX, facíase co barro da bisbarra e non co traído do Salnés, como posteriormente se fixo. Isto se supón debido:

3.1_A inexistencia de rutas de transporte importantes de mercadorías e das rutas de transporte marítima, que testemuñan a ausencia de relacións comerciais habituais entre o Baixo Ulla e o Salnés.
3.2_O descoñecemento no Salnés da reserva de caolín que posuían, que se presupón por non ter feito uso deste material, estando as zonas onde posteriormente se comezou a explotar o barro ocupadas por salinas.

Esta situación irá mudando e, co desenrolo das telleiras do Salnés e da extracción de barro, as diferentes telleiras e olarías da ría comezarán a traer o barro de Dena.


III_APROXIMACIÓNS METODOLÓXICAS

Aproximación xeolóxica.

Arxilas no Baixo Ulla.

A lectura xeolóxica da área de Valga e Catoira amosa unha serie de depósitos de aluvión do cuaternario. A área de Valga é unha zona petroglificamente complexa constituída por rocas ultrabásicas, que alternan con dioritas, dunitas e serpentinas, e por megmatitas y pegmatitas ricas en berilios. As arxilas atópanse distribuídas sobre as diferentes rochas

07: Mapa xeolóxico do baixo Ulla. Folla 120 do Instituto geológico minero.




ígneas e metamórficas citadas.[1]


A zona arxilosa de Valga e Catoira, con boas posibilidades, segundo se amosa nos Cadernos do Laboratorio Xeolóxico da Laxe[2], está situada a ámbalas dúas beiras da estrada que une Pontecesures con Vilagarcía de Arousa, e nela se atopan arxilas con tinturas que van da cor crema a tons encarnados.

Nesta zona atópanse 8 principais xacementos, entre eles as barreiras Cristina, Ana e Mercedes.

[1]Contribución al conocimiento de los depósitos caoliníferos de Pontevedra. Caramés, Galán e De Aza. Cadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe nº4. (1983).

[2]Ibídem.





08: Plano de 2 depósitos de arcilla no Concello de Catoira. En *Estudiando Sedimentos: propostas para o aproveitamento didáctico dos depósitos aluviais de Catoira*. Alicia López Regueiro. Departamento de Ciencias da Natureza. IES “Manuel Antonio” .Vigo. Boletín de ENCIGA de Febreiro de 2000.


09: Perfil lonxitudinal da zona de Catoira. Ibídem.

Arxilas na Enseada de Dena.

Os depósitos de arxilas de Dena, un barro que dende finais do XIX ata a primeira metade do XX se misturou co de Valga para fabricar as tellas e ladrillos do pais, aparecen alternados con arenas e gravas, sobre granitos e granodioritas, e poden chegar a ter entre 10 e 15 metros de potencia situándose na base as arxilas caoliníferas.[3]

[3]Contribución al conocimiento de los depósitos caoliníferos de Pontevedra. Caramés, Galán e De Aza. Cadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe nº4. (1983).

10: Mapa xeolóxico da Ensenada de Dena. Follas 184 e 185 do Instituto geológico minero.




A área de Sanxenxo e o Grove presenta tamén potencias de superficie granítica caolinizada de ata 15 metros.[4]

Así, pódese apreciarse que as arxilas da Enseada de Dena son de maior calidade das que se atopan na propia Valga.

Desta maneira xustifícase o transporte do barro que se facía de cara a misturalo co indíxena valgués, co gallo de evitar adxectivos como os que se refería Pascual Madoz no seu dicionario en 1848 (“fábricas de teja de mala calidad.”)[5]

[4]Contribución al conocimiento de los depósitos caoliníferos de Pontevedra. Caramés, Galán e De Aza. Cadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe nº4. (1983).

[5]Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar (1845-1850) de Pascual Madoz.



11: Esquemas comparativos entre a mina Ana do Concello de Valga (esquerda) e a mina Lourdes da Ensenada de Dena (dereita). *Contribución al conocimiento de los depósitos caoliníferos de Pontevedra*. Caramés, Galán e De Aza. Cadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe nº4. (1983).

Microtoponimia

Na microtoponimia de Valga e comarca atopáronse varios topónimos relativos á industria telleira. Ningún deste topónimos está oficialmente recollidos en ningún dos documentos do concello de Valga. Tampouco en Pontecesures. Si o están os de Catoira e, en parte, en Boiro.

-**Microtopónimos en Valga**

1_A telleira

A praia fluvial de Vilarello, segundo numerosas persoas entrevistadas[6] é coñecida por A telleira, debido a unha telleira instalada alí hoxe desaparecida.

2_Finca A telleira.

No lugar de O Forno, parroquia de Cordeiro hai unha finca aínda chamada A telleira[7], como lembranza dunha telleira que hai algunhas décadas existira alí.

3_O Telleiro.

No lugar de A Torre hai unha serie de terras entre a estrada que vai de Pontecesures a Vilagarcía e o cruceiro do lugar de O Coto, contra o bar "A casa vella" e o carón das terras da Aghra da Ghandra[8].

4_As telleiras de Vilar ou As telleiras[9].

É un nome que sinala o emprazamento de tres telleiras, as derradeiras en funcionar na bisbarra, preto do lugar de Vilar, no límite coa parroquia de Santa Baia, sendo unha das telleiras desta parroquia.

5_Veiga da telleira.

Nome do lugar da parroquia de Campaña onde

[6] Entre elas, destacamos a Entrevista a Rosa Padín. Grabación sonora realizada o 26/10/10.

[7] Entrevista realizada a José Victoriano López Castro realizada na finca A telleira o 30/08/10.

[8] Entrevista realizada a Dorinda, veciña de O Coto o 03/09/10.

[9] Plano topográfico do exército. 1:25000. Follas 120-3 e 120-4. Tamén en Plano e documentos da microtoponimia de Catoira, elaborado pola SITGA. http://toponimia.xunta.es/

antigamente funcionou unha telleira, aínda que hoxe ningún veciño coñeza o lugar exacto[10].

6_ Barreiro.

Lugar entre A Torre e Ponte Valga, na Gándara de Campaña.[11]

7_Barro

Lugar preto de A Canle.[12]

8_O texar (ou tellar)

Aparece no plano do exército[13], preto do lugar de Vilar.

9_Finca O telleiro.

Na parroquia de Campaña, no lugar de A Devesa, existe unha finca[14], onde ata fai dez anos había soterrado un forno de cocer tella.

-**Microtopónimos en Pontecesures**

10_A telleira.

O nome designa hoxe unha finca situada preto da vía do tren, no extremo da rúa Carlos Maside, enfronte dunha casa con escudo,[15] o Pazo de Covas. A rúa anteriormente era coñecida como O telleiro. Ninguén lembra xa o funcionamento do forno, mais si de "ir buscar barro á zona para tapala porta do forno pra facelo pan."[16]

11_A caleira.

Así é coñecido[17] o lugar onde estaba antigamente a empresa "Caleras del Ulla" de Ramón Diéguez Carlés e onde posteriormente se asentarían a Cerámica Artística Gallega e a Cerámica Celta.

[10]Respuestas Generales del Catastro del Marqués de la Ensenada (1750-1754).

[11]Plano topográfico do exército. 1:25000. Follas 120-3 e 120-4.

[12]Ibídem.

[13]Ibídem.

[14]Entrevista realizada a Luis, e a outros veciños da Devesa, o 16/02/11.

[15] *Os nomes de lugar en Pontecesures*. Concello de Pontecesures. 2002

[16]Entrevista realizada a 3 veciños da rúa Carlos Maside de Pontecesures.

[17]*Os nomes de lugar en Pontecesures*. Concello de Pontecesures. 2002

-**Microtopónimos en Catoira.**

13_Borreiros.

A súa definición nos dicionarios sobre a fala dos telleiros ou cabaqueiros non varía moito: Feliciano Trigo Díaz no seu libro *Zanqueando cos cabaqueiros*[18] *(Caminando con los tejeros)*, asimila borreiro a ano; mentres que Praxíteles González Martínez en *Embajadores del infierno, Historia y lenguaje de los cabaqueiros* significa borreiro con "culo, ano, posaderas".[19]

Tamén borreiro ten unha acepción similar xa que é a palabra que usaban os toneleiros para indicar o buraco por onde se baleiraba un pipote. (Xoán Xosé Pérez Labaca[20])

Como apelidos, Borreiro data de 1498 e hoxe está desaparecido. Borreiros continúa vixente, é de orixe toponímico[21] e ten varios significados: ademais de comerciante con cera crúa, está o de catador de colmeas e o de "persoa mala, chea de porquería". (dicionario de Xosé Luis Franco Grande[22])

Non obstante, a existencia de barreiras no lugar fainos hipotizar que o mais plausible sería que Borreiros fose unha variación da voz barreiras.

14_As telleiras.[23]

Continúan a chamarlle así a este o lugar das hoxe desaparecidas telleiras de Catoira por mor da construción dunha fábrica de cerámica. Sitúase fronte a illa da Gabeira pequena, entre o cruceiro da Gabeira pequena e A Titania.

15_A telleira de María Antonia.[24]

Así lle chaman ó lugar onde estivo situada unha das dúas telleiras anteriores.

[18]Zanqueando cos cabaqueiros. Feliciano Trigo Díaz. 2001. Deputación de Pontevedra.
[19]Embajadores del infierno, Historia y lenguaje de los cabaqueiros. Praxiteles González Martínez. 2ª ed., O Rosal. 1996.
[20]www.cronicadegalicia.com/crenzas-de-galicia.html
[21]www.apelidosgalicia.org
[22]Vocabulario Galego Castelán. Xosé Luis Franco Grande. Galaxia. 1972.
[23]Plano e documentos da microtoponimia de Catoira, elaborado pola SITGA. http://toponimia.xunta.es/
[24]Ibídem.

16_A telleira de As Rañas ou de Rial.

Nome como se coñecía[25] ó lugar da única "telleira de Vilar" mencionada anteriormente que estaba na parroquia de Santa Baia.

17_As Barreira

Nome do lugar[26] onde se atopaban as minas de barro que alimentaban ás telleiras de Catoira

18_A telleiriña de arriba[27]

Nome da parte alta dun conxunto de terreos de cultivo.

19_A telleiriña de abaixo[28]

Nome da parte baixa dun conxunto de terreos de cultivo.

20_Barral de abaixo[29]

21_Barral de arriba[30]

22_Alto de barral[31]

23_Os barreiros[32]

24_O barreiro[33]

-Microtopónimos en Rianxo.

25_As telleiras.

Entre o lugar de Quintáns e o de As Torres, preto da ponte nova que cruza a Catoira, existe o lugar de As telleiras[34] (recollido As texeiras en algúns mapas), onde houbo unha telleira que aínda se conserva.

[25] Plano e documentos da microtoponimia de Catoira, elaborado pola SITGA. http://toponimia.xunta.es/

[26] Ibídem.

[27] Ibídem.

[28] Ibídem.

[29] Ibídem.

[30] Ibídem.

[31] Ibídem.

[32] Ibídem.

[33] Ibídem.

[34] Plano topográfico do exército. 1:25000. Follas 120-3 e 120-4.

-**Microtopónimos en Boiro**

26_Peirao da telleira.

Peirao situado no lugar do Saltiño. No lugar agora hai unha madeireira. O propietario desta madeireira tiña unha telleira industrial en Aguiño[36] dende onde levaba ó peirao a carga. Quizás por isto teña o nome.

27_Aghra da telleira.[37]

Un grande campo de cultivo, antigamente propiedade dunha única casa e hoxe dividido en varios propiedades. A nova estrada que se fixo para salvagardar a praia da Retorta rompeu o muro que a circunvalaba. Tiña na súa proximidade un dos fornos de tellas.

28_Finca "Os fornos".[38]

É unha finca particular que contén un dos chamados fornos de Pedras Rubias, hoxe restaurado.

29_Fincas "A Telleira".[39]

Son dúas fincas que posuíron algún dos 8 fornos de Pedras Rubias que existiron preto da Praia da Retorta.

-**Microtopónimos en Ribeira**

30_Fonte da telleira.

Na illa de Sálvora existe unha fonte coñecida por este nome ou tamén fonte de Santa Catalina.[40]

31_Barreira.[41]

Lugar de Ribeira próxima ás telleiras de Olveira

[36] www.cabodecruz.org e entrevista realizada a veciños da parroquia de Abanqueiro o 15/04/11.

[37] Entrevista realizada a veciños da parroquia de Abanqueiro o 15/04/11.

[38] Ibídem.

[39] Ibídem.

[40] *Illas de Galicia. Cíes, Ons, Sálvora, Tambo, San Simón e Cortegada.* Fernández de la Cigoña, Estanislao. 1991. Edicións Xerais de Galicia.

[41] *La funcionalidad de las creencias.* Rosa García-Orellán. UNED. 2006Martínez López, Amado Reino, López Cordeiro. Laboratorio de Arqueoloxía e formas culturais. USC. 2000

Plano: Microtopónimos de Valga, Pontecesures, Catoira e Isorna. Elaboración propia.



Aproximación arqueolóxica á area.

A aproximación arqueolóxica á area levouse a cabo, nun primeiro momento, mediante a inspección visual das áreas pertinentes.
Nos mais dos casos, as trazas atopadas foron abundantes restos de anacos de tellas e ladrillos presentes no terreo. Noutros atopáronse ademais as estruturas físicas das edificacións preindustriais, das que puideron así realizarse os levantamentos pertinentes, aínda que sen escavar as estruturas, procedendo como máximo a un desbroce superficial das vexetación para poder tomar as medidas necesarias. Un levantamento completo das edificacións está fora das aspiracións e posibilidades deste traballo, e foi preferible deixalo para unha ulterior etapa.

Achegas arqueolóxicas realizadas:

1_Telleira de Quintáns:
identificáronse o forno de cocción, a vivenda dos telleiros, así como o espazo da eira e o embarcadoiro de carga. De todos eles se fixo un primeiro levantamento. Tamén atopáronse algúns anacos de tellas e ladrillos nas proximidades.

2_Telleiras de As Rañas ou Rial:
Na telleira de Rial, identificáronse o forno de cocción así como a eira e o embarcadoiro de carga, dos cales se fixo levantamento. Tamén se procedeu a levantar os restos da vivenda dos telleiros. Atopáronse moitos restos de ladrillos e tellas e algunha peza enteira.

3_Telleira de Roeiro.

Identificouse o forno de cocción, os restos da vivenda dos telleiros, a eira de traballo e o embarcadoiro de carga, dos cales se fixo levantamento. Tamén numerosos depósitos de restos de material cerámico. Recuperáronse tellas e ladrillos.

4_Telleira de Padín.

Identificouse o forno de cocción, unha construción anexa de almacenamento de tella (o pallete), a eira de traballo e o embarcadoiro de carga, dos cales se fixo levantamento. Tamén numerosos depósitos de restos de material cerámico. Recuperáronse tellas e ladrillos. Tamén temos constancia dalgunhas das ferramentas utilizadas, que nos ensinaron na casa da familia Padín.

5_Telleira do Forno.

Identificouse o lugar onde estivera o forno, así como numerosos anacos de tella na antiga eira. Tamén o pozo que daba auga á telleira.

6_Telleira do Camiño Real.

Identificáronse varios centos de anacos de ladrillos e tellas.

7_Telleira da mina.

Identificáronse varios decenas de anacos de ladrillos e tellas.

8_Telleira do ferrocarril.

Identificáronse varios decenas de anacos de ladrillos e tellas.

9_Finca de O telleiro
Na Torre, Campaña. Atopáronse decenas de anacos de ladrillos e tellas.

10_Fábrica de ladrillos de Campaña.
Identificáronse as antigas barreiras da fábrica, os restos do embarcadoiro así como as torres de soporte e diferentes restos da liña de baldes que unía a fábrica e o embarcadoiro.





12: Muro feito con tellas e ladrillos do forno da Devesa.
13: Restos do tanque da telleira de Roeiro.
Fotografías do autor.







14: Algunhas das mostras de anacos de tella e ladrillo atopados nes diversos lugares nos que houbo telleiras.
15: Restos da vivenda dos traballadores da telleira de Roeiro.
16: Restos dunha das torre de soporte da liña de vagonetas da fábrica de ladrillos Novo y Sierra S.A.
Fotografías do autor.

Testemuñas orais.

Foron moitas as testemuñas orais que se recolleron, algunhas das cales foron gravadas pola súa relevancia de cara á investigación.

Dentro das testemuñas cabe destacar que existe unha certa mitoloxía sobre a orixe das telleiras en xente vida do Salnés, do Rosal ou mesmo de Portugal. Aínda que derradeiros telleiros da zona viñeron de alá, as telleiras xa eran usadas dende tempos antigos.
Tamén hai que destacar a importancia que tivo a fábrica de Novo y Sierra , sendo moi coñecida en toda a bisbarra.

No tocante ás vellas telleiras preindustriais cabe salientar que as lembranzas no imaxinario popular refírense case sempre ás do Vilar, que coñeceron ou teñen oído falar moitos dos entrevistados. Tamén algúns lémbranse da telleira do Forno e uns poucos da das vías do tren. Do resto, só algunha persoa veciña do lugar ten lembranzas delas.

Mais son os que coñecen os microtopónimos dos que falamos. Son moitos, novos e vellos, quen coñecen estes termos, aínda que son menos os que son quen de explicar a súa situación exacta ou o porqué.









17: Rosa Padín amosa unha das tellas con inscripcións que fabricaban no forno familiar.

18: Distintos tipos de tella que aínda posúen os padín na casa famliar.

19: O telleiro Francisco Castaño Tojo.

fotografías do autor.

20: Fotografía da familia Padín, derradeiros telleiros de Cordeiro. Jose Padín. está no medio, con Vicente sentado ó seu carón. Imaxe cortesía de Rosa Padín. Autor descoñecido.

IV_AS TELLEIRAS DE VALGA E COMARCA

Das telleiras artesanais ó inicio da producción industrial. As telleiras no contexto da ría de Arousa.

A orixe da fabricación de tellas e ladrillos pérdese no tempo. Con todo, xa gregos e romanos as facían. En Galicia hai restos arqueolóxicos de fornos romanos de cocer tella en Vilagarcía de Arousa (Castro de Alobre), así como de outros lugares onde se cocía barro para a fabricación de ánforas: preto da praia da Madorra en Panxón (Nigrán), na praia de Pescadoira, na parroquia de San Martiño de Bueu ou nos fornos de Salvaterra de Miño, dentro dos terreos do actual porto seco.[1]

Mais a tella que se fabricaba en Galicia a finais do século XIX era a tella de orixe árabe, a tella curva que coñecemos, fronte a romana mais plana. Esta tella curva coñecíase co nome de tella do país.[2]

Temos constancia da existencia de telleiras na época moderna no Baixo Ulla e na ría de Arousa dende 1750[3], aínda que supoñemos que a súa orixe é moi anterior. Polo que sabemos, as telleiras mais antigas sitúanse no actual concello de Valga, nas parroquias de Cordeiro e Campaña, onde a actividade tiña que ter unha elevada importancia, xa que ocupaba a unha salientable parte da poboación (51 traballadores nas telleiras de Louro e 24 en Campaña, contando con 4 fornos cada parroquia).[4] Tamén desta época datan as do actual Concello de Boiro, con 4 fornos en Santa Baia e 14 en Abanqueiro, contando 23 telleiros nesta última.[5] No resto da comarca, non se atopan restos de telleiras. Xa existían, non obstante, as louzerías de Bamio, onde traballaban 17 artesáns.[6]

[1]Ver epígrafe II deste libro para mais referencias.
[2]Historia de Pontecesures. Jose Piñeiro Ares.Concello de Pontecesures, 1989.
[3]Respuestas Generales del Catastro del Marqués de la Ensenada (1750-1754).
[4]Ibídem.
[5]Catastro de Ensenada. Boiro e as súas freguesías (1753).Edición Xose Agrelo Hermo. Toxosoutos 2007.
[6]Respuestas Generales del Catastro del Marqués de la Ensenada (1750-1754).

No dicionario de Sebastián Miñano en 1824, danse conta de olerías en Catoira -non cita as de Bamio-, pero nada nos di de novas fábricas de ladrillo na ría.[7]


En torno a 1850 aparecen as primeiras referencias de telleiras no Salnés. Son dúas fábricas de tella en Noalla e unha en Vilalonga. Un século antes o Marqués de Ensenada citaba nestas mesmas parroquias a existencia de salinas en proceso de ruína, xa que algunhas xa o estaban.[8]

Podemos hipotizar que este século serviu de transición entre o ocaso definitivo das salinas e a descuberta do caolín que propiciou ó comezo da nova actividade económica nos mesmos lugares onde antes estiveran ditas salinas.

[7] Diccionario geográfico y estadístico de España y Portugal (1826-1829) de Sebastián Miñano.

[8] Respuestas Generales del Catastro del Marqués de la Ensenada (1750-1754)

Plano: Telleiras na ría de Arousa séculos XVIII,XIX e XX. Elaboración propia. A área de Dena está tomada en parte de *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Leiro Lois, Xosé Ramón Daporta e Saúl Otero. Ir Indo edicións. 1993; tamén do Museo A telleira de Vilalonga.




Análise dunha telleira. Partes.

Chámase telleira ó conxunto de construcións que servían para a elaboración de tellas e ladrillos e especialmente ó forno. As principais partes da telleira eran a seguintes:

As Pías.

Eran dous ou mais buratos escavados no chan, a modo de recipientes, de pouca profundidade e cun borde de pedra ou similar onde se abrandaba o barro e se preparaba a mistura. Se a telleira estaba no litoral adoitaba a situarse preto do embarcadoiro para facilitar a descarga do material.





21: Fragmento dun gravado sobre o traballo na telheira de Barqueiros, Portugal. In As telheiras de Barqueiros. Antonio veiga Araújo. In Actas do coloquio Manoel de Boaventura. Esposende 1987.

22: Fragmento dunha fotografía onde pode verse a pía en Seixiños, Dena, Meaño; 1987. Tomada de *As telleiras (cabaqueiros)* de Adela Leiro Lois e outros. Ir indo, 1993.

A Eira.

É unha grande superficie chá, onde se secaban as tellas e ladrillos. Ocupaba a maior parte do espazo útil da telleira. A zona debía estar orientada preferentemente ó mediodía, xa que tiña que estar continuamente soleada para o secado das tellas. Debía manterse permanentemente limpa para evitar que as tellas colleran sucidade.






22: Fragmento dunha fotografía onde apreciamos a eira dunha telleira en Dena, Sanxenxo. Tomada de *As telleiras (cabaqueiros)* de Adela Leiro Lois e outros. Ir indo, 1993.
23: espazo que ocupaba a eira na telleira de Quintáns. Fotografía do autor.

Forno.

A construción principal do complexo. Feito en cantería. Normalmente era de planta rectangular, case cadrada, aínda que tamén se atopa algún exemplo de planta circular. No interior a cantería recubríase cunha **vestidura** de ladrillos para que conservara mais o calor.





24: Debuxo dun forno de Xoaquín Lorenzo. *Os Oficios*, Xaquín Lorenzo. Biblioteca da Cultura Galega. 1995.
25: Forno do Museo da Telleira de Vilalonga. Fotografía do autor.











26: Forno da telleira de As Rañas na parroquia de Oeste, Catoira. Fotografía do autor.

27: Forno de planta circular de Pedras Rubias, na Retorta, Castro, Boiro. Fotografía do autor.

28: Forno de telleira en Dena. Fotografía do autor.

29: Detalle da vestidura de ladrillo do forno de As Rañas. Fotografía do autor.

30: Ladrillo que funciona de chave para suxeitar a vestidura ó muro no forno de Padín. Fotografía do autor.


O forno ten dúas partes diferenciadas:

-**A Caldeira**


Era a parte baixa onde se prendía o lume, que estaba soterrada salvo por un dos lados. Estaba formada por o **potro**, unha arcada de ladrillo que dividía a caldeira en dúas. O potro servía de base para unha serie de arcos perpendiculares a este mais pequenos, os arcos ou a arcación, que formaban na parte superior a **reghilla** (ou emparrado, rede ou criba[9]) de ladrillos, sobre a que se colocaban as tellas de cocer. Tiña un pequeno burato, chamado **boca**, por onde se

[9]Segundo afirman Adela Leiro Lois e outros en *As telleiras (cabaqueiros)*. Ir indo, 1993.

31




32



31: Sección transversal dun forno da telheira de Barqueiros, Portugal. In As telheiras de Barqueiros. Antonio veiga Araújo. In Actas do coloquio Manoel de Boaventura. Esposende 1987.

32: Axonometría da caldeira do forno da telheira de Barqueiros, Portugal. In As telheiras de Barqueiros. Antonio veiga Araújo. In Actas do coloquio Manoel de Boaventura. Esposende 1987.










33: Esquema da reghilla dunha telleira. En *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.
34: Boca do forno de As Rañas na parroquia de Oeste, Catoira. Fotografía do autor.
35: Boca do forno da telleira de Quintáns en Isorna. Fotografía do autor.
36: Reghilla do forno do Museo da Telleira de Vilalonga. Fotografía do autor.


introducía a leña dende a leñeira.

-**A Cabina**

Era a parte onde se colocaban as tellas e ladrillos para a cocción. Tiña polo menos unha porta, chamada **porta de encañar**. Tendo ás veces unha segunda,









37: Interior da cabina da telleira de Roeiro en Vilar, Cordeiro. Fotografía do autor.

38: Axonometría da cabina do forno da telheira de Barqueiros, Portugal. In As telheiras de Barqueiros. Antonio veiga Araújo. In Actas do coloquio Manoel de Boaventura. Esposende 1987.

39: Porta de encañar do forno de Roeiro en Vilar, Cordeiro. Fotografía do autor.

40: Porta de desencañar do Museo da Telleira de

chamada de **desencañar**.

O Pallete

Era unha construción anexa ó forno e cuberta onde se almacenaban as tellas e ladrillos xa cocidos, e os que agardaban a cocción ou onde se resgardaban no caso de chuvia. Ocupaba polo menos dous lados do forno, e





41: Pallete aberto en O facho, Cambados. En *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.

42: Pallete pechado con ocos para a ventilación no Facho, Cambados. Tomado de pardoplanas.blogaliza.org





43: Pallete pechado en madeira. Fragmento de fotografía cedidas por Albino Caneda á web ondequeda vilalonga.blogspot.com

44: Pallete en cantería adosado ó forno na telleira de Padín en Vilar, Cordeiro.

ás veces tres.

A Leñeira

Nun dos lados do forno, no da boca do forno, estaba a leñeira, un cuberto co chan en pendente descendente





45: Telleira de Dena, Meaño coa leñeira en primeiro plano. En *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.

46: Espazo que ocupaba a leñeira da telleira de Roeiro. Fotografía do autor.

cara a boca. Gardábase alí a leña para a cocción.

O Caseto ou chabolo.

O lugar de descanso dos telleiros era unha pequena caseta con zócalo de pedra e estrutura de madeira recuberta de tella. Ás veces as paredes eran totalmente de pedra. Tiñan unha ou dúas habitacións, unha para o patrón, e outra para o restos dos telleiros. Tiñan uns xergóns recheos de folla de millo ou centeo



48



47: Vivenda usada polas telleiros do forno de Quintáns. Fotografía do autor.

48: Restos do chabolo da telleira de Roeiro. Fotografía do autor.

amodo de colchóns.

Tanque e embarcadoiro

Nas telleiras situadas na costa adoitaba haber un tanque ou pequena entrada do río escavada, por onde entraba unha lancha para que descargara e cargara o material. Noutros casos a carga e descarga se facía nun embarcadoiro.






49: Embarcadero da telleira de Quintáns. Fotografía do autor.

48: Tanque da telleira de Padín. Fotografía do autor.

Catálogo de telleiras artesanais no Baixo Ulla

O Catálogo que aquí presentamos non ten un carácter definitivo. Consideramos ter unha relación bastante pormenorizada das telleiras dos concellos de Valga e Pontecesures aínda que é probable que existiran mais. No resto de Concellos a lista poderá ampliarse con seguridade coas novas procuras que agardamos realizar.

Plano: Telleiras en Valga, Catoira, Pontecesures e Isorna



1_Telleira da Devesa de Campaña.



Lugar

Finca O telleiro, Lugar de A Devesa, parroquia de Santa Cristina de Campaña, Concello de Valga.

Historia

Ó redor do ano 1750 era unha telleira de irmandade propiedade de Benito Granda Santiago de Avalo e outro. Desta vella telleira hoxe tan só se conserva o topónimo O telleiro referido á finca onde estaba situada unha vella parra de uvas de sabor particular. Segundo contan os veciños, fai uns anos, cando se estaba a realizar a praia fluvial en Vilarello, o Concello obrigou ós propietarios a baleirar a finca de terra xa que estando un metro e medio por riba do nivel da corredoira, "podería derrubarse". O concello utilizou a terra para o recheo da praia fluvial ata situar a finca do Telleiro ó mesmo nivel do camiño de paso adxacente. Os veciños contan que algunhas das vivendas do entorno aínda posúen a tella deste forno.

O Barro

Supoñemos que o barro utilizado sería extraído nas proximidades da zona, xa que cando funcionou aínda non despuntaran as telleiras de Dena. Moi próxima á

Devesa existe un área arxilosa de importancia segundo indican estudios do CSIC, polo que é posible que a barreira estivera situada alí.

O Forno

Foi destruído. Durante a a extracción de terra para a praia fluvial, os veciños advertiron a presencia dun forno de cocer tella, na zona mais alta e pegada ó camiño da parcela, que foi arrasado sen que se tomase ningunha cautela para o seu estudio, levantamento ou similar.

Traballadores

Tan so temos constancia de Benito Granda Santiago de Avalo e outro

Produción

Ó redor de 1754 tiña unha renda de 400 reais o ano.

Referencias

As primeiras referencias a esta telleira as atopamos no Catastro de Ensanada. Tamén hoxe en día en testemuñas dos veciños de A Devesa.









49: Vista da parcela onde estaba o forno da Devesa.
50: Muro de ladrillos da telleira da Devesa segùn os veciños.
51: Tellas do forno da devesa, según os veciños.
52: Parcela onde se situaba a telleira, onde pode apreciarse o nivel que tiña antes da extracción da terra.
Fotografías do autor.

2_Forno da Veiga da Igrexa.



Lugar

Veiga da Igrexa na parroquia de Santa Cristina de Campaña, Concello de Valga. Nin na zona da Igrexa nin na súa veiga atopamos restos ou referencias toponímicas. A súa posición exacta é descoñecida.

Historia

Telleira propiedade en 1754 de Josefa González de Córdoba, veciña de Santa María de Campaña. Ningunha das nosas procuras atopou referencia algunha desta telleira.

O Barro

Pola súa proximidade á Devesa supoñemos que a barreira que servía a telleira estaría situada na mesma área que a telleira de Devesa.

Traballadores

“fabrican los vecinos del lugar”

Produción

Ó redor de 1754 tiña unha renda de 400 reais o ano.

Referencias

Referenciada no Catastro de Ensenada.







50: Igrexa de Campaña no lugar da Eirexa.
51: Imaxe da veiga en torno da igrexa
52: Imaxe da veiga da igrexa co muro do cemiterio á esquerda.
Fotografías do autor.

3_Forno da Veiga de telleira.



Lugar

Veiga de telleira. Na parroquia de Santa Cristina de Campaña, Concello de Valga. Aínda que non se puido situar o topónimo da Veiga de telleira podería referirse á veiga próxima ó lugar da Torre, onde existe a finca O telleiro da que falaremos no apartado 4.

Historia

Telleira de irmandade referenciada no Catastro de Ensenada propiedade de Pedro de (...) Agudín, Miguel Pardal y Cervantes.

O Barro

Pola súa proximidade á Devesa supoñemos que a barreira que servía a telleira estaría situada na mesma área que a telleira de Devesa.

Traballadores

“Pedro de (...) Agudín, Miguel Pardal y Cervantes”.

Produción

Ó redor de 1754 tiña unha renda de 400 reais o ano.

Referencias

Referenciada no Catastro de Ensenada.



56: Vista da suposta veiga de telleira
Fotografía do autor.

4_Telleira da Torre (Finca O telleiro)



Lugar

Nos terreos situados ó carón do bar A casa vella, lugar de A Torre, na parroquia de Santa Cristina de Campaña, Concello de Valga. Podería tratarse da Veiga de telleira, da que falamos no apartado 3.

Historia

Existiu nesta finca un forno de cocer tella. O forno da nome á parcela que o albergou (O telleiro). Do forno non quedan restos e ninguén se lembra de cando funcionaba. O terreo está aínda hoxe cheo de anacos de tellas, tal como nos contan os veciños que traballan esta veiga.

Esta telleira debeu funcionar por última vez co telleiro Manuel Duro Meis entre os anos 1890 e 1892, segundo se indica na matrícula industrial.

O Barro

Pola súa proximidade á Devesa supoñemos que a barreira que servía a telleira estaría situada na mesma área que a telleira de Devesa.

O Forno

Tiña un forno de menos de 10 metros cúbicos de capacidade.

Traballadores


Coñecemos unicamente a Manuel Duro Meis quen traballou entre os anos 1890 e 1892.


Produción

Tiña que pagar unha renda en 1891 de 8,26 reales. En 1892 foi de 7,29 pesetas.

Referencias

Matrícula industrial de Valga e Testemuñas orais de varios veciños.





Esquema: Situación da finca.
Plano: Situación da parcela que albergaba a telleira. Elaboración propia.





57: Bar "A casa vella" detras da cal está a finca "o telleiro"
58: Vista da parcela que albergou a telleira, hoxe cultivada de millo.
Fotografías do autor.

5_Telleira de Benito Granda y Cancelado



Lugar

Situada en el lugar propio de don Benito Granda y Cancelado, veciño da vila de Padrón. Na parroquia de Santa Cristina de Campaña, Concello de Valga.

Historia

As nosa investigación non puido precisar a súa posición exacta, aínda que puidera tratarse da telleira do ferrocarril, da Telleira de Belén, ou da da Mina. Esta é a segunda das telleiras que posuía Benito Granda no ano 1754 e a única en propiedade única.

Traballadores

"trabajan los vecinos de el lugar"


Produción

Ó redor de 1754 tiña unha renda de 400 reales o ano.

Referencias

Telleira referenciada no Catastro de Ensenada.

6_Telleira do ferrocarril.



Lugar

Moi próximo ás vías do ferrocarril e baixo o cable da desaparecida liña de vagonetas que unía a fábrica de Novo y Sierra co embarcadoiro no Ulla. Na parroquia de Santa Cristina de Campaña, Concello de Valga.

Historia

Existiu neste lugar unha telleira da que tan so quedan restos amoreados da tellas e ladrillos aínda visibles. Como nos contan numerosas testemuñas, é difícil o poder descifrar estes restos, xa que foron removidos varias veces nos últimos anos, tanto para o paso do gaseoducto Valga-Tui, que pasa por enriba do xacemento; como pola mais recente construción dunha pista paralela á vía do tren. Ningún dos entrevistados soubo dicir cando funcionou ou deixou de funcionar.

Referencias

Testemuñas orais de varios veciños.




Plano: Situación da parcela que albergaba a telleira. elaboraciónpropia.





59: Restos de tellas na parcela da telleira.
60: Parcela onde se atopaba a telleira, hoxe cuberta de árboles. por enriba dela pasou, anos despois, o cable aéreo da fábrica de ladrillos
Fotografías do autor.

7_Telleira de dous fornos "do Belén"



Lugar

Debaixo do que hoxe é o bar Belén, nas Gándaras de Campaña, na parroquia de Santa Cristina de Campaña, Concello de Valga.

Historia

Debaixo do que hoxe é o bar Belén, construído recentemente no plan de instalacións deportivas, houbo unha telleira de dous fornos segundo nos contan varios veciños, e que nunca coñeceron en funcionamento. Non existen restos de ningún tipo.

A derradeira vez que estivo en funcionamento foi co telleiro José Pérez Portela entre 1910 e 1926, segundo indica a matrícula industrial.

Nesta telleira traballou nos anos 20 un iriense nacido en 1904 segundo Seijas Llerena: “Esa telleira estaba en Campaña, pola parte de Cordeiro; facíamos tellas e ladrillos, un traballo variado, pois tamén había que cavar no barro, despois carretalo a brazo, amasar e metelos nos moldes, leva-las pezas ós parques de secado e por último pasalo ós fornos. Un traballo completamente á intemperie, que como dicía un de Carcacía, daquela os obreiros tiñan moita.”

A zona onde se atopaba esta telleira era un área moi rica en barro que Novo y Sierra explotou durante anos para a súa fábrica. Existe un documento con data de 6 de xuño de 1959 entregado por Novo y Sierra ó Concello de Valga por mor dun preito entre Novo y Sierra e varios veciños onde se fala da súa existencia:

(6 testemuñas presentadas por Novo y Sierra) ”Tamén engaden que fai mais de 40 anos houbo unha telleira na área e que daquela “ya estaban hechas grandes excavaciones”, y por tanto antes de que Escuredo y cía. y Novo y Sierra S.A. fundasen a compañía.”

O Barro

Extraíase nos terreos próximos á telleira, os que mais tarde usaría Novo y Sierra para a súa fábrica.

O Forno

Tiña dous fornos de menos de 10 metros cúbicos de capacidade.

Traballadores


José Pérez Portela entre 1910 e 1926

Produción

“tellas e ladrillos”. Comezou pagando 9,30 pesetas de renda en 1910 ata chegar a 17,44 pesetas en 1926.

Referencias

Matrícula industrial de Valga, Arquivo do Concello de Vaga e Testemuñas orais de varios veciños.



Plano: Situación da parcela que albergaba a telleira. elaboración propia.



61: Lugar onde se situaban os dous fornos, hoxe ocupado polo bar "Belén". Fotografía do autor.

8_Telleira da Mina Mercedes.



Lugar

Na parte mais alta das Gándaras de Campaña, ó carón da que fora a derradeira área de extracción da mina Mercedes de Novo y Sierra, na parroquia de Santa Cristina de Campaña, Concello de Valga.

Historia

Existiu antigamente esta telleira que deixou de facer tella hai moitos anos, segundo nos contan algúns veciños. Pódense aínda observar a simple vista algúns restos de tellas na zona. Do forno non se sabe se se atopa enterrado nalgures deste terreo ou foi desmantelado. Tamén se di que as barcas subían ata ese punto coa marea, levando e traendo o material.

Referencias

Testemuñas orais de varios veciños.



Plano: Situación da parcela que albergaba a telleira. elaboración propia.





62: restos de tellas que aínda se atopan na parcela.
63: Imaxe da localización da antiga telleira.
Fotografías do autor.

9_Telleira do lugar de Peón.



Lugar

Lugar de Peón, na parroquia de Santa Comba de Cordeiro, Concello de Valga. Ningunha das nosas investigacións atopou referencia algunha sobre a situación real desta telleira nin da situación exacta do lugar de Peón.

Historia

O seu propietario era en 1754 Salvador Pérez. Descoñecemos se se corresponde con algún dos fornos ou lugares catalogados. Podería tratarse da telleira de Vilarello ou da telleira de Roeiro, as mais antigas telleiras que non se atopan nas gándaras de Cordeiro.

Traballadores

Salvador Pérez en 1754.

Produción

3 coccións ó ano de 100 moios cada unha. Pagaba unha renda ó ano de 900 reales en 1754

Referencias

Telleira referenciada no Catastro de Ensenada.

10_Telleira "da Fábrica".



Lugar

Situada nas Gándaras de Cordeiro, na parroquia de Santa Comba de Cordeiro, Concello de Valga, descoñecéndose a súa posición exacta, aínda que poderían tratarse dalgunha das telleiras dos apartados 13 ou 14. Non atopamos tampouco referencias do lugar de “a fábrica”.

Produción

7 coccións ó ano de 120 moios cada unha. Pagaba unha renda ó ano de 2520 reales en 1754

Referencias

Telleira referenciada no Catastro de Ensenada.

11_Telleira de Rafael Anjedondo.



Lugar

Situada nas Gándaras de Cordeiro, na parroquia de Santa Comba de Cordeiro, Concello de Valga, descoñecéndose a súa posición exacta, aínda que poderían tratarse dalgunha das telleiras dos apartados 13 ou 14.

Traballadores

Rafael Anjedondo en 1754.

Produción

6 coccións ó ano de 120 moios cada unha. Pagaba unha renda ó ano de 2160 reales en 1754.

Referencias

Telleira referenciada no Catastro de Ensena

12_Telleira das Gándaras de Cordeiro "dos veciños".



Lugar

Situada nas Gándaras de Cordeiro, na parroquia de Santa Comba de Cordeiro, Concello de Valga, descoñecéndose a súa posición exacta, aínda que poderían tratarse dalgunha das telleiras dos apartados 13 ou 14.

Traballadores

Veciños da Gándaras de Cordeiro

Produción

4 coccións ó ano de 120 moios cada unha. Pagaba unha renda ó ano de 1440 reales en 1754

Referencias

Telleira referenciada no Catastro de Ensena

13_Telleira do Camiño Real.



Lugar

Situada no Camiño Real, preto do cruceiro de O Forno, na parroquia de Santa Comba de Cordeiro, Concello de Valga.

Historia

Esta telleira é unha das primeiras das que temos constancia tanto física como documental. Hoxe o forno non se da atopado, aínda que poida que aínda estea enterrado na parcela que ocupaba a vella telleira. O terreo onde estaba asentada agora está dividido en dúas partes. Nunha delas pódense observar numerosos fragmentos de tellas e ladrillos. Na outra foi edificada unha vivenda na que os propietarios nos informaron que tamén alí había numerosos anacos de tella cando removeron a terra.

Nesta telleira comezou a traballar o telleiro Vicente Padín, que logo tería a derradeira telleira artesanal da bisbarra, cando chegou a Valga procedente de Dena nos anos finais do seu funcionamento. Moi posiblemente traballara baixo ás ordes de Andrés Gómez Bouzas, quen levou esta telleira dende 1881 segundo reza a matrícula industrial, aínda que é posible que fora moito mais antiga, puidendo ser

algunha das referenciadas no catastro de Ensenada. Funcionou ata 1914, sempre segundo a matrícula industrial. A propiedade da finca onde estaba a telleira era da familia da muller coa que logo casaría Vicente Padín, asentándose deste xeito definitivamente no Forno.

Esta telleira tivo varias protestas veciñais, xa que o seu fume provocaba danos nas árbores da Gándaras de Cordeiro. As queixas chegaron a discutirse no pleno do concello do 12 de agosto de 1905 por parte do médico Benito Seárez Vazquez:

"Se dio cuenta de una instancia producida por D. Benito Seárez Vazquez vecino de la parroquia de Louro, manifestando que el humo producido por la fábrica de teja y ladrillo propiedad de Andrés Gómez Bouzas ocasiona daños en una finca del Don Benito destinada a tojal, pinos y robles denominada Gandra del Forno en la indicada parroquia y linítrofe con el terreno en que se halla enclavada la citada fébrica y como resultaron inutiles las gestiones practicadas en el terreno particular para conseguir del Andrés Gómez la indemnización de perjuicios y la clausura de la indicada fábrica no obteniendo mejor resultado en el acto conciliatorio intentando al efecto y del que acompaña testimonio unida a la repetida instancia, así como del acta notarial referente a los daños causados, suplica que previos los informes oportunos se ordene la clausura o cierre de la aludida fábrica y en último término no se permita su funcionamiento hasta que en ella se construya una chimenea en condiciones para evitar los perjuicios que los humos causan con la indemnización de daños y perjuicios al exponente. La corporación enterada acuerda que la referida instancia y documentos que la acompañen pasen a la comisión

de policía urbana y rural a fin de que previa oportuna inspección ocular emita el informe que sea justo.”

O Barro

Descoñecemos que barro utilizaban, pero supoñemos que sería o barro local, dado que está asentada nunha área de grandes barreiras.

O Forno

Tiña un forno de menos de 10 metros cúbicos de capacidade do que non quedan restos, pero é posible que se atope soterrado na parcela que non está edificada, xa que na outra, segundo afirmaron os propietarios, non había nada.

Traballadores

Andrés Gómez Bouzas, que a traballou dende o ano 1881 ata 1914, sendo o mais lonxevo dos telleiros do que temos referencia documentada. Traballou as súas ordes Vicente Padín nos últimos anos.

Produción


Non temos datos.

Transporte e Venda

Non temos datos precisos.

Referencias

Matrícula industrial de Valga e Testemuñas orais de varios veciños. Tamén entrevistas gravadas a Rosa Padín e José “Che” Padín.



Plano: Situación da parcela que albergaba a telleira. elaboración propia.





64: Vista da parcela onde se atopaba a telleira.
65: Vista do lugar da telleira dende o Camiño Real.
Fotografías do autor.

14_Telleira do Forno.



Lugar

Lugar de O Forno, o carón de HormadiSA, na parroquia de Santa Comba de Cordeiro, Concello de Valga.

Historia

Aínda que podería tratarse dunha das telleiras referenciada no Catastro de Ensenada, as primeiras referencias documentadas datan da matrícula industrial de 1856, cando o telleiro Ramón Benito Vicente dáse de alta. Permanecerá ata 1865. Non teremos mais novas dela ata que se faga cargo en 1896 Manuel López Figueira ata 1904, segundo a matrícula industrial, aínda que Manuel traballará moitos mais anos. A telleira era propiedade de "os Donosos", Manuel e Concepción, chegados de América. O seu sobriño, José Victoriano López Castro traballou nela cando aínda era moi novo durante un breve período ó redor do ano 1930. Manuel arrendouna despois a Vicente Padín, segundo nos contou a filla de Vicente, Rosa. Con Vicente traballarán primeiramente telleiros contratados en Dena. Os seus fillos tamén se iniciarán nesta telleira,

como o fillo maior, Manuel, que chegaría a oficial e que daquela era tendedor; e José Padín, o fillo pequeno que comezou a traballar nesta telleira como pinche, segundo nos contou: “Na primeira, que foi a primeira que tivemos, (a do Forno) traballei de pinche. Había que peneirar de pó, sequiño, para despois botarlle ó banco, para que non se apagara o banco, que é de madeira. Hai que botarlle pó, que hai que lle dar cunha peneira e despois metela masa. Como no pan.”

Os Padín continuaron traballándoa por varios anos. Deste período é seguro que o barro xa o traían de Dena e o mesturaban co que collían no monte para abaratalos gastos. Non obstante a situación xeográfica da telleira, facía que o barro de Dena tivese que ser traído en camións en lugar de barcos, polo que o gasto era elevado (Os camións podían traer moito menos barro de cada vez que un barco). Isto propiciou que Vicente Padín decidise trasladarse ás telleiras do Vilar, onde se facía posible o uso do transporte marítimo.

A finca onde está o desaparecido forno de tella aínda se lle chama “O telleiro”. Atópanse “restos de tella e ladrillo cada vez que entra o tractor”.

O Barro

O barro, nun primeira etapa, era extraído no monte común de Cordeiro, a pouco mais de 300 metros da telleira, e onde agora construíronse algunhas vivendas. Con posterioridade comezouse a misturar co barro procedente de Dena, que viña en camións, seguramente comezou esta práctica con Vicente Padín.

O Forno

O forno da telleira foi destruído na construción da casa, xa que estaba situado onde agora a construíron.

O manancial que levaba auga á telleira aínda se conserva, estando parte en terreos de HormadiSA.

Traballadores


Ramón Benito Vicente entre 1856 e 1865, Manuel López Figueira entre 1896 e 1904, traballando con el entre 6 e 8 persoas dependendo do momento. Entre eles o seu fillo José Victoriano López Castro. Na derradeira etapa, Vicente Padín, cos seus fillos e traballadores de Dena.

Produción

“Facían sobre todo tella e ladrillo macizo” na etapa de Manuel López.

Referencias

Desta telleira temos varias fontes que nos falan dela, tanto orais coma documentais: a Matrícula industrial de Valga, e numerosas testemuñas veciñais, así como entrevistas a José Victoriano López Castro, Rosa Padín e José “Che” Padín.



Plano: Situación da parcela que albergaba a telleira. elaboración propia.







66: Restos de tellas na parcela

67: Eira da vella telleira onde aínda se aprecian restos de tellas.

68: Vivenda que se asenta sobre o vello forno.

Fotografías do autor.

15_Telleira de Roeiro.



Lugar

O pé do monte Craveira, fronte a Vacariza, na parroquia de Santa Comba de Cordeiro, Concello de Valga. A poucos metros da telleira de Padín, cara o oeste, no límite do Concello de Valga.

Historia

Esta é unha das telleiras mellor conservadas do entorno, conservándose o forno, restos do embarcadoiro e da vivenda dos telleiros.

O propietario do terreo e mais do forno era Secundino Rodríguez Castaño, segundo nos di o seu sobriño Ramón Rodríguez: Secundino ou a súa familia a construíron sen coñecer a data precisa, pero Secundino nunca a traballou. O dato da súa construción por Secundino poida que non sexa certo, xa que este forno semella moito mais antigo, gardando semellanza cós veciños fornos de fundición de Pedras Rubias en Boiro que se creen de construción romana para a fundición de metais e logo transformados en telleiras.. Descoñecemos se este puidera ter unha orixe similar, pero

Que coñezamos estivo arrendada a Vicente Padín e

familia e despois a José María Francisco, telleiro de A Guarda (con quen traballou Francisco Castaño). Non se traballou moitos anos por ningún dous dous e cara o ano 1945 xa debía estar con seguridade abandonada. A súa forma circular a facía moi traballosa.

O Barro

O barro viña na súa maioría de Dena, transportado en barcos. Era misturado para facer os ladrillos con barro do monte Craveira. As tellas se facían con barro de Dena en exclusiva.

O Forno

Este forno é o único da zona que ten forma circular, o que a facía mais difícil de encañar, xa que non encaixan ben as tellas, "era moi traballosa". Tamén tiña o problema de que non entraban os barcos con mareas pequenas, e había que esperar a mareas grandes para descargar, o que limitaba moito o traballo. Istos datos, que sinalan un forno cunhas condicións deficientes para a fabricación de tella reforzan a hipótese de que, como os fornos de Pedras Rubias en Boiro, teña unha orixe antiga e que servise para a fundición de metais e non para tellas.

Ademais, había unha construción auxiliar, da que quedan restos, que facía de vivenda ós telleiros. Tiña un tanque como embarcadoiro para a entrada dos barcos.

Traballadores

Nos seus derradeiros anos de funcionamento estivo arrendada a Vicente Padín e despois a José María Francisco.

Produción

Supoñemos a mesma produción que no resto de telleiras de Vilar: tella pequena, tella grande e ladrillo. Ademais nun primeiro momento producíronse canais,


tellas de maior tamaño.


Transporte e Venda

Remitímonos o que se indica nas Telleiras de Padín e de Rial.

Referencias

Temos testemuña do seu funcionamento a través de varias fontes orais: Ramón Rodríguez, sobriño do propietario da telleira, de José Padín e mais de Francisco Castaño Tojo "Chuco", telleiro na telleira das Rañas.






Esquema: Situación dos elementos da telleira.
Plano: Situación da parcela que albergaba a telleira. Elaboración propia.


69: Imaxe do forno da telleira de Roeiro. Fotografía do autor.









Plano 1: Planta e alzado dos restos do chabolo dos telleiros.



Plano 2: Planta da telleira de Roeiro con detalle das arcadas da caldeira.



Plano 3: Alzado frontal da telleira de Roeiro. Vista dende a leñeira.



Plano 4: Sección transversal da telleira de Roeiro co detalle das arcadas da caldeira e da porta de encañar.





70: Lugar onde se atopa actualmente a telleira de Roeiro.
71: Restos de tellas e ladrillos na eira de Roeiro.
Fotografías do autor





72: Boca na antiga leñeira. Cunha forma moi similar ás telleira de Pedras Rubias.
73: Imaxe do tanque da telleira coa marea baixa.
Fotografías do autor.

74



75



74: Interior da cabina do forno.
75: Restos da vivenda que usaban os telleiros.
Fotografías do autor.

16_Telleira de Padín.



Lugar

O pé do monte de Craveira, fronte a Vacariza, na parroquia de Santa Comba de Cordeiro, Concello de Valga. A poucos metros da telleira de Roeiro, cara o leste.

Historia

A telleira de Padín foi a derradeiro forno que funcionou na comarca do Baixo Ulla. Tamén foi a derradeira en ser construída e a única da comarca da que temos constancia da súa data de edificación. Foi no ano 1942 cando os Padín deixaron a telleira das Rañas para construír unha propia. A telleira foi construída pola familia coa axuda de canteiros profesionais, os cales fixeron os muros exteriores. Os telleiros ocupáronse dos arcos da caldeira e da vestidura de ladrillo no interior do forno. A masa de unión para levantar arcos e vestidura era a propia terra que se usaba para facer os ladrillos. A telleira estivo funcionando ininterrumpidamente ata polo menos o ano 1960. Trala morte do pai, Vicente Padín, os fillos foron buscando traballos noutras empresas (José traballaría en CEDONOSA ou emigrando (Bilbao, Brasil), xa que

consideraban moi duro o traballo de telleiro.

O Barro

O barro viña na súa maioría de Dena, transportado en barcos. Era misturado para facer os ladrillos con barro do monte de Craveira. As tellas se facían con barro de Dena en exclusiva.

O Forno

De forma rectangular, con vestidura de ladrillo. Pallete con muros de pedra adosado na cara oeste. Tiña un tanque como embarcadoiro para a entrada dos barcos.

Traballadores

Principalmente a familia Padín. O pai cos fillos, os cales foron mudando os seus postos de traballo a medida que foron abandonado o oficio pola emigración ou a xubilación do pai. Tamén contrataban a traballadores de Dena para axudarlles. As mulleres quedaban na casa do Forno e facían a comida; unha das fillas, Rosa, era quen lla levaba tódolos días (“Dúas latas de empanada así cadradas, de millo. Cunhas sardiniñas ou cun ghurelos partidos e 4 litros de viño”). A nai tamén axudaba nas labores de encañado.

Produción

Producíase ladrillo, tella grande e tella pequena. Nun primeiro momento tamén se facían canais, mais grandes, pero deixaron de facelos unha vez comezaron a facer a tella grande.


Transporte e Venda

A venda a realizaba principalmente Vicente Padín. Levaba tella a Pontecesures nun barco arredando. Alí se cargaba en camións “cara a Martelo, a beira de Augasantas, por Rois, ós Chenlo de Padrón tamén levaba a tella, En Cesures tamén, a do Lameiro, onde está hoxe o Moncho. E a do Roxo”. Moitos destes eran

comerciantes maioristas que facían de intermediarios cos particulares. O pai ademais ía cunha bicicleta ás feiras para vender a tella.

Referencias


Numerosas referencias orais: telleiros que traballaron alí e documentais: recibos, matrículas industriais,...




Plano: Situación da parcela que albergaba a telleira. elaboración propia.




76: Vista xeral da telleira de Padín.
77: Porta de encañar da telleira.
Fotografías do autor.






Plano 1: Planta da telleira de Padín.


Plano 2: Planta seccionada da telleira de Padín mostrando a caldeira.






Plano 3: Sección da telleira a través da cabina.


Plano 4: Alzado frontal seccionando os muros da



Plano 5: Alzado lateral mostrando o pallete de pedra.



Plano 6: Alzado lateral mostrando os buracos de conexíon dos travesaños do pallete de madeira.



Plano 5: Alzado lateral mostrando a porta de encañar co pallete de pedra ó lado.








78: Vista da cabina dende a porta de encañar.
79: Vista de parte da caldeira onde pode apreciarse parte da arcada da reghilla.
Fotografías do autor.





80: Boca da caldeira.
81: Exterior da cabina onde pódense ver pequenos buratos entre a cantería que servían para introducir os travesaños que formaban a cuberta do pallete.
Fotografías do autor.



Esquema: Situación aproximada dos elementos da telleira
Elaboración propia.

82



82: Tanque da telleira.
Fotografía do autor.

17_Telleira de Vilarello.



Lugar

Lugar de A Telleira, actual praia fluvial de Vilarello. Na parroquia de Santa Comba de Cordeiro, Concello de Valga.

Historia

A actual praia fluvial de Vilarello é chamada “A telleira” aínda hoxe, xa que fai moitos anos estivo aquí situada unha telleira da que non se conserva ningún resto debido as obras de urbanización da praia fluvial. Ningunha das persoas entrevistadas viuna funcionar nin soubo dicir cando estivera funcionado. Tampouco dispoñemos de ningunha referencia documental que nos poida situar esta telleira.

O Forno

Descoñecido. Algúns veciños do lugar lembran a existencia dun forno preto da actual fonte das penas que foi destruído coas obras.

Traballadores

Non se coñecen.

Referencias

Testemuñas orais que falan por boca dos seus avós principalmente, aínda que algúns lémbranse do forno.



Plano: Situación da parcela que albergaba a telleira. elaboración propia.



83: Vista do lugar onde se atopaba a telleira de Vilarello.
Fotografía do autor.

18_Finca O Telleiro



Lugar

Lugar de O Telleiro, rúa Carlos Maside, Fronte a unha casa con escudo, o pazo da Cova próxima á Praza dos Valeiros, na parroquia de Xulián de Requeixo, Concello de Pontecesures. A zona é chamada incluso en documentos oficiais como “O telleiro.”

Historia

Nesta telleira traballou hai moitos anos un home con acento portugués chamado “Moquillo” que amasaba o barro con dúas mulas. Deixou de funcionar "hai moitísimos anos". Os veciños entrevistados lémbranse de ir buscar barro a esta finca chamada aínda “O telleiro” para tapala porta do forno ó facelo pan.

O Forno

Non temos constancia da existencia de forno na finca.

Traballadores

Ó único traballador coñecido foi o que era alcumado “Moquillo”. Seijas Llerena sitúa nesta telleira tamén a Alejandro Beiro Amoedo, aínda que pola documentación que temos nós, soamente podemos dicir que foi con seguridade comerciante de tella e ladrillo de outros telleiros entre 1910 e 191 e, posteriormente a partir do ano 30, taberneiro, pero

non telleiro de oficio.


Referencias

Veciños de Pontecesures e matrículas industrias do Concello de Valga e Pontecesures.



84: Parcela chamada aínda como o telleiro, en fronte da casa do médico de compostela Manuel Devesa. Fotografía do autor.

19_Telleira de As Rañas ou de Rial.



Lugar

O pé do monte de Craveira, fronte a Vacariza, na parroquia de Santa Baia do Oeste, Concello de Catoira. A poucos metros da telleira de Roeiro, cara o oeste.

Historia

A telleira foi construída, segundo afirma Ramón Rodríguez, polo tío deste, Secundino Rodríguez Castaño, ou pola súa familia. O certo é que tanto a telleira de Roeiro, mais vella, como a de Rial eran propiedade familiar dos Rodríguez, alcumados os de “Roeiro”. Secundino nunca se adicou á fabricación de tellas, aínda que pode que anteriormente alguén da familia si o fixera. Pola súa banda, Francisco Castaño Tojo, telleiro neste forno afirma que era propiedade de Benita López das Rañas e do seu irmán, na parroquia de Oeste, Catoira. Era ela quen a alugou a José María Francisco. O último morador da chamada casa das Rañas foi Rial, segundo afirma Pepe Castaño Dios en *Oeste, cen anos de historia-s,* o que explicaría que tamén fose chamada a telleira "de Rial", como derradeiro propietario, xa que a vivenda permanece abandonada dende fai moitos anos.

As primeiras referencias nos falan de cando Vicente Padín as comezou a arrendar. Viña procedente da telleira de O Forno e decidiu vir para estas debido a maior facilidade no transporte de barro e produtos, por estar a telleira á beira do Ulla. Os Padín, axudados por telleiros contratados procedentes de Dena traballaron algúns anos as dúas telleiras ata decidir facer unha propia preto delas.

Despois dos Padín a arrendou José María Francisco, telleiro de A Guarda, casado na Vacariza de onde cruzaba en gamela ás telleiras. Xa traballara anteriormente a telleira de Quintáns. No ano 43 entrou a traballar con el Francisco Castaño Tojo (o seu irmao Hipólito traballara antes que el, para ir despois á caleira de Ramón Diéguez de Pontecesures); tamén entrou outro telleiro de Vilar. O resto de telleiros eran do Baixo Miño e viñan con Jose María Francisco, marchando Á Guarda durante o inverno. Á morte de José María Francisco o seu fillo Isidoro, famoso acordeonista da comarca, estivo un ano mais de patrón, pero logo non tornou.

Despois deles a arrendaron ós “Fariña” que a traballaron ata que se trasladaron á telleira de María Antonia en Catoira. Un dos Fariña, Manuel, casou en Santa Baia e quedou a vivir alí. A telleira funcionou ata ó redor do ano 1955.

O Barro

Había barro local, frouxo, extraído do monte próximo que se mesturaba con barro procedente de Dena para facer ladrillos. O barco traía dúas calidades: barro do monte de Dena e barro do mar. O do mar era mais forte, mais difícil de romper, e de picar. As tellas se facían exclusivamente con barro de Dena. O barro viña en Barcos dende Dena ata a telleira. Un dos transportistas era José Antonio Rial Rivela, familiar de Ramón Rodríguez “Roeiro”.

O Forno

De forma rectangular, con vestidura de ladrillo. Levaba 10 daghas de tella (con mais de 4000 tellas cada dagha) O Pallete estaba adosado en dúas caras do forno. Había una construción auxiliar a poucos metros que servía como vivenda ós telleiros. Tiña un tanque como embarcadoiro para a entrada dos barcos.

Traballadores

Vicente Padín e os seus fillos: Manuel, José e demais. Tamén Francisco Castaño Tojo, que comezou pagando 6.50 ptas (que era moito para a época), logo subiu a 10 logo cobraron 15 pesetas e o final 20 pesetas eran cartos”. Os serradores naquel tempo gañaban 18 pesetas. El tamén coidaba o cabalo durante o inverno e ademais facía o pan (moía e enfornaba) para a comida dos telleiros. Tamén os Fariña: Manuel Fariña Tojo e os fillos del Antonio e Manuel Fariña Moldes, que xa traballaran en Dena noutras telleiras Tamén outros traballadores de Dena.

Produtos

Tella grande, para aleros, das que se facía menos, e tella normal. Tamén cumios.

No tempo de José María Francisco se facía ladrillo con máquina de dous buracos.


Os Fariña pola contra facían os ladrillos manualmente.

Transporte e Venda

A tella a levaban en carro para Dimo, Catoira, Cordeiro,... para a zona.
A maioría ía en barco: a Boiro, a Taragoña, a Torre, Ribeira. José María Francisco ía ás feiras e nas feiras coñecíano e lle encargaban a tella. E eles o ían a buscar o embarcadoiro mais próximo. Francisco contrataba un barco de Vilarello. “Padín tiña tella todo o inverno, José María Francisco, en 15 días de rematar a tempada a vendía toda”. Coñecía a moita xente na marxe norte do Ulla. Tamén vendían tella a contratistas.
Os Fariña vendían a tella normalmente a distribuidores. Tamén a deixaban a vender na casa de Milagros de Xamardo, muller de Antonio Fariña Moldes. Ademais cargaban tella en barco, que era enviada a lugares como Rianxo e outros.

Referencias

Entrevistas a Francisco Castaño Tojo, José”Che”Padín, Rosa Padín, Dorinda de As Torres, Milagros de Xamardo e Ramona da Vacariza.




Esquema: Situación aproximada dos elementos da telleira Elaboraciónpropia.




85: Reghilla do forno.
86: Vista do forno da telleira de Rial.
Fotografías do autor.


0 1 2 3 5




Plano 1: Planta da telleira de Padín.




Plano 2: Alzado lateral dende a leñeira.



Plano 3: Alzado do lateral da porta de encañar.



Plano 4: Alzado do lateral oeste.



Plano 5: Alzado do lateral sur.





87: Boca da caldeira.
88: Vista dos restos do chabolo dos telleiros.
Fotografías do autor.

20_Telleira de María Antonia.



Lugar

Lugar de As telleiras, fronte a illa da Gabeira Pequena, parroquia de San Miguel de Catoira, Concello de Catoira.

Historia

Pouco sabemos da historia desta telleira salvo que foi traballada polos Fariña: Manuel Fariña Tojo e os seus fillos Antonio e Manuel Fariña Moldes xunto con outros telleiros, todos procedentes de Dena. Traballaron primeiro en Dena como telleiros e logo e Santa Baia, na telleira de As Rañas para vir despois a esta. A telleira era propiedade dos Boullosa, que residían en Baiuca quen a arrendaron ós Fariña. Foi destruída cando levantaron a fábrica de ladrillo Productos Ulla S.L.

O Barro

O barro viña de Dena, transportado en barcos. Non sabemos se era misturado tamén con barro local.

O Forno

Descoñecemos como era o forno, do que non quedan restos.

Traballadores

Os Fariñas xunto con outros traballadores de Dena-Vilalonga.

Referencias

Testemuñas de veciños e entrevista a Milagros de Xamardo.



89: Lugar onde se atopaba a telleira.
Fotografía do autor.

21_Telleira de Rodríguez.



Lugar

Lugar de As telleiras, fronte a illa da Gabeira Pequena, parroquia de San Miguel de Catoira, Concello de Catoira.

Historia

Da historia desta telleira solo coñecemos que era propiedade de Emilio Rodríguez, propietario dun bar de Catoira. A telleira foi destruída cando levantaron a fábrica de ladrillo Productos Ulla S.L.

O Barro

O barro viña supostamente de Dena, transportado en barcos. Non sabemos se era misturado tamén con barro local.

O Forno

Descoñecemos como era o forno, do que non quedan restos.

Traballadores

Non coñecemos os traballadores

Referencias

Testemuñas de veciños e entrevista á muller do telleiro Fariñas.



90: Lugar da antigua telleira, que foi destruída para a construcción dunha fábrica industrial de cerámica
Fotografía do autor.

22_Telleira de Quintáns.



Lugar

Lugar de As telleiras en Quintáns, entre Quintáns e a Vacariza, parroquia de Santa María de Isorna, Concello de Rianxo.

Historia

Nada sabemos da súa construción ou orixe. A súa propiedade era da familia Rivela, da muller de Ramón Rodríguez Roeiro. Eles a arrendaban. A primeira nova que temos do seu arrendo foi a Jose María Francisco, procedente de A Guarda, que viña con outros dous telleiros "portugueses". José María casou na Vacariza, mais o matrimonio volvía cando remataba a temporada Á Guarda. Estiveron varios anos ata que marcharon á telleira de Roeiro primeiro e logo a das Rañas, xa que tiñan ámbalas dúas un forno de maior capacidade. Con el traballou Hipólito Castaño Tojo, irmao de Francisco, quen chegaría a ser torneiro na caleira de Pontecesures, logo na cerámica de Ares e que finalmente montaría un obradoiro de cerámica en Lastrove.

O barro

O barro viña principalmente de Dena, aínda que o mesturaban para facer os ladrillos con barro moi xistoso extraído dunha barreira no monte veciño, do outro lado da estrada, onde aínda hai 3 covas de onde se sacaba o barro.

O Forno

O forno é rectangular coa caldeira aberta ó río. Descoñecemos onde estaba o pallete. Tiña unha casa para os telleiros e un embarcadoiro de pedra onde antigamente había dous barqueiros, cunha quenda cada un cada semana, unha si, unha non.

Traballadores

José María Francisco e outros telleiros da Guarda. Hipólito Castaño Tojo de Vilar. Había moita xente como Dorinda de A Vacariza, agora vive nas Torres, que ía o monte a coller toxo e *corouzas* e levar carretadas ó forno. “Traballaban co sol cando caían os paxaros”. Tiñan un cabalo na pía.

Produtos

Supoñemos os mesmos que Francisco traballou despois na telleira de As Rañas: Tella grande, para aleros, das que se facía menos, e tella normal. Tamén cumios. O ladrillo non sería a máquina.

Transporte e Venda

Supoñemos que foi neste momento cando José María Francisco comezou a ir ás feiras da marxe norte da ría.

Referencias


Entrevistas a Francisco Castaño Tojo, Ramón Rodríguez Roeiro, Dorinda de As Torres e Ramona da Vacariza.



Esquema: Situación aproximada dos elementos da telleira
Elaboraciónpropia.


91: Vista do forno da telleira de Quintáns.
Fotografía do autor.









Plano 1: Planta do chabolo dos telleiros.







Planos 2 e 3: Alzados frontal e lateral do chabolo dos telleiros.



Plano 3: Planta da telleira de Quintáns.



Plano 4: Alzado da porta de encañar.



Plano 5: Alzado dende a leñeira.





92: Interior da cabina da telleira.
93: Lateral do forno coa porta de encañar.
Fotografías do autor.


94

95

96



97



94: Vista do chabolo dos telleiros coa eira en primeiro plano. O forno atópase á dereita na fotografía.
95: A leñeira.
96: Lateral da vivenda dos telleiros.
97: Embarcadero que era tamén usado por dous barqueiros para pasar xente á outra beira.
Fotografías do autor.

23_Fornos de Abanqueiro (14 Fornos).



Lugar

En toda a parroquia de San Cristovo de Abanqueiro, Concello de Boiro.

Historia

A única constancia da súa existencia son os rexistro do Catastro de Ensenada, onde se di que “so hai 59 viveiros de ostras e 14 fornos de fabricar tellas cuxos donos e beneficios figuran na lista (...) entregada.

Traballadores

Hai constancia de 23 telleiros na zona ó redor de 1754

Referencias

Catastro de Ensenada.

23_Fornos de Pedras Rubias (8 Fornos).



Lugar

Na praia da Retorta parroquia de Santa María de Castro, Concello de Boiro.

Historia

Os veciños falan da existencia de 8 fornos, dos que se conservan restos de 4 e se coñece a situación doutros dous. Dende moi antigo traballáronse estes fornos. Existen estudos que os sinalan como fornos de fundición de época romana. Son moi similares na súa configuración coa Telleira de Roeiro, o que podería insinuar que a Telleira de Roeiro fose de orixe romana se así se documentase.

Aínda se conservan numerosos microtopónimos nesta zona: dúas fincas que se chaman "A telleira", unha finca "Os fornos", e un conxunto de fincas, unha antiga propiedade familiar hoxe dividida e aínda rodeada en parte por un muro de pedra chamada "Aghra da Telleira". A nova estrada que se proxectou rompeu a propiedade e o muro de pedra.

Antigamente o mar chegaba ata as proximidades dos fornos, pero coa construción dunha piscifactoría deixaron de chegar as cheas da marea. Tamén había

un rego de auga doce nas proximidades que servía supostamente ás telleiras.

Un veciño de 56 anos, Rafael nos di que el non as viu funcionar, pero si os seus pais.

O barro

O barro viña principalmente de Dena nos derradeiros anos de funcionamento. Descoñecemos a existencia ou non de barreiras locais.

Os Fornos

Dos 4 fornos que se conservan, 3 puidéronse observar, estando o outro cuberto de maleza o que dificultou a súa inspección.


Dos 3 observados, o que se atopa na finca “Os fornos” está restaurado aínda que foi modificada en parte a súa configuración. Os dous restantes están nun estado deficiente de conservación, aínda que aínda están en pé. A súa forma é moi similar ó descrito para a telleira de Roeiro, sen que se puidera dimensionar con exactitude.

Traballadores

Non coñecemos a traballadores.

Referencias

Catastro de Ensenada, veciños de A Retorta.



Esquema: Situación aproximada dos fornos de Pedras Rubias.
Elaboración propia.

98: Vista do único forno restaurado do conxunto. obsérvese a súa similitude co forno de Roeiro.
Fotografía do autor.









99: Restos doutra das telleiras que presenta o forno en bo estado de conservación.
100: Outro dos fornos de pedras Rubias conservado.
101: Porta de entrada da "Aghra da telleira"
Fotografías do autor.

24_Peirao A telleira.



Lugar

Peirao de A telleira, lugar de Saltiño, parroquia de Santa Baia de Boiro, Concello de Boiro.

-Historia

Á beira deste peirao debeu existir en tempos, unha telleira. Non se conservan restos, xa que posteriormente houbo unha fábrica de madeira agora pechada que utilizaba o embarcadero. Puido ser unha das telleiras das que temos referencias no Catastro de Ensenada**.**

-Referencias

Catastro de Ensenada, documentación do Concello de Boiro.

25_Fornos de Boiro. (4 fornos)



Lugar

En toda a parroquia de Santa Baia (Olalla no Catastro de Ensenada) de Boiro, Concello de Boiro.

-Historia

A única constancia da súa existencia son os rexistro do Catastro de Ensenada, onde se di que "hai tamén 4 fornos para fabricar tellas no partido da Ínsua, dos cales (...) os seus donos declararon o beneficio que cada un lle rende, segundo consta nela, á que se remiten."

-Traballadores

descoñecemos o número de telleiros na zona

-Referencias

Catastro de Ensenada.

25_Telleira de Palmeira.



Lugar

Parroquia de San Pedro de Palmeira, Concello de Ribeira.

Historia

A única referencia que temos dela é a existencia dunha das súas barreiras asociadas que estaba na Mina da Explotación da Carballa na parroquia de Palmeira (Ribeira).

Barro

Había unha barreira na Mina da Explotación da Carballa.

Referencias

no libro "Introducción á minería do Barbanza" ver bibliografía.

26_Telleira de Olveira.



Lugar

O Carrexal, no lugar de Olveira, parroquia de Santa Mariña de Olveira, Concello de Ribeira.

Historia

Son tres fornos, chamados dous de Canosa, da tía María da Cortiza. Unha das aldeas próximas chámase Barreira. No Centro de interpretación hai maquetas e un banco de telleiro. Están dentro dos límites do Parque Natural das Dunas de Corrubedo. Na década dos anos 20-30 aínda estaba en uso. En 1950 xa non funcionaba con seguridade.

O Barro

Tomábase nunha barreira próxima, que agora é unha charca.


Referencias

Testemuñas dos veciños, Parque Natural das Dunas de Corrubedo. Libro” La funcionalidad de las creencias” ver bibliografía.

O barro e as barreiras. Catálogo de barreiras no Baixo Ulla.

Presentamos unha lista das barreiras de arxila atopadas principalmente no Concello de Valga, Catoira e Pontecesures, así como algunhas das barreiras do resto dos concellos.

1_Barreira das Gándaras de Campaña. A Mina Mercedes.



Nas barreiras das Gándaras Campaña extraeuse barro dende que temos constancia documental ó redor do ano 1750. Nun principio non foi unha barreira única se non que eran unha serie de barreiras próximas ás diferentes barreiras que ten habido no lugar. O barro non era de grande calidade, se non moi xistoso e con pouca liga. Coa instalación da fábrica de ladrillos de Novo y Sierra S.A. comeza a extraerse barro en




grandes cantidades. A barreira tomará o nome de Mina Mercedes, nome que xa ten en 1928 no censo da provincia, tendo o número 606 do catálogo. Esta extracción industrial provocará o seu esgotamento nalgunhas das áreas das Gándaras, como na actual zona deportiva e na lagoa. Nesta etapa o barro misturábase co que viña de Dena para mellorala súa calidade.



102 e 104: Barreiras de Campaña, segunda fase da mina Mercedes. Fotografía de María Ríos.
103: Mina Mercedes. Fotografía do autor.




2_A Mina Cristina.



A barreira da mina Cristina atopábase entre os concellos de Valga e Pontecesures, inventariada co número 1499 do catálogo mineiro e pertencente, igual que a mina Mercedes ó Grupo Mineiro “Minas cerámicas de Campaña” situada no Monte de Utilidade pública nº129 do Catálogo de utilidade pública do Concello de Valga. As primeiras referencias que temos dela datan de 1962. Era unha das minas usadas xunto coa mina Mercedes pola empresa Novo y Sierra S.A.

3_Barreira das Gándaras do forno



As barreiras das Gándaras eran unha serie de pequenas barreiras próximas ás telleiras. A maior parte das barreiras coñecidas situábanse en zonas de antigo monte de man común, parte do cal foi ocupado de maneira abusiva por particulares. Nos derradeiros anos de funcionamento destas telleiras o barro misturábase co barro de Dena na fabricación de tella, mais antigamente o barro destas barreiras era o único usado para elaboralas.

4_Barreira do Monte Leveiró.



As telleiras de Vilar extraían barro das proximidades das súas telleiras o pé do Monte Leveiró. Este barro era misturado co de Dena para a fabricación de ladrillos, non así para as tellas.

105: vista do monte Leveiró dende a telleira de Padín. Fotografía do autor.



105

5_Mina en Quintáns.




Na telleira de Quintáns extraíase barro no monte veciño, do outro lado da estrada onde había “2 ou 3 covas de onde apañaban o barro”. Este barro era moi xistoso, polo que o misturaban co procedente de Dena.

106: Vista dos eucaliptos, detrás do chabolo dos telleiros onde estaba a barreira da telleira de Quintáns.
Fotografía do autor.



6_O barro de Dena.



O barro obtíñase dos fondos mariños da enseada de A Toxa nos lugares de A Revolta, Ardía, A Seca, Os Tubos ou Enseada dos Tubos na parroquia de Vilalonga. Baixo poucos centímetros obtíñase un barro de grande calidade que se utilizaba para a fabricación de tella. Era o barro mais "forte" dos utilizados na elaboración de tellas. Era un barro que levaba moito esforzo para picalo e había que cortalo, facerlle moitas talladas.[1]

Tamén obtíñase en Dena un barro en terra firme. Nas Pozas de Rouxique, na Arnosa ou na Fianteira. Era mais feble que o anterior, de peor calidade, pero mais fácil de traballar. Pegábaselle coa cota, o revés da eixada, para desfacelo.

En todos traballaban unha enorme cantidade de traballadores e traballadoras que facían a *vrañada* en condicións miserentas picando, carretillando e arrincando "bloques de barro branco, de barro gris, de barro avermellado,

de barro de primeira con moita liga ou de barro chamado xerula, que tiña pouca."[2]

O barro da enseada extraíase en lugares que

[1]As barreiras teñen nome de muller. Dionisio Pereira. En Ardentía, Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial nº4, 2007.

[2]La Alfarería de Galicia. Luciano García Alén. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2008.Edición facsímil.

[3]Angueiras de galeón. Dionisio Pereira. En Ardentía, Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial nº2, 2005.

oscilaban entre poucos metros e cincocentos metros da liña de mareas equinociais máximas. Para localizala capa de barro idóneo se perforaba o fondo mariño cunha barra de ferro, a cala, de punta afiada, que se introducía ata notar baixo o lodo a resistencia do barro. No punto localizado se espetaba un pau, o espeto, e ó seu carón quedaba ancorada unha lancha que se usaría para o transporte. O descender a marea se practicaban pozos cadrados de 4 a 5 metros de profundidade, os barreiros, onde traballaban de 2 a 6 homes. Os lados do pozo protexíanse con táboas de madeira para evitar os derrubamentos. Comezaba a abrirse o pozo cunha eixada de descubrir, un sacho de forma cadrada. Ó chegar ó barro se usaba a eixada de cavar, de folla mais estreita e duns 20 centímetros de lonxitude e 10 centímetros de ancho, con mango de buxo. A cada golpe coa sacha, arrancsábae un "pañón" de barro que se botaba na lancha. No caso de que o burato fose moi profundo un segundo home o lanzaba á superficie e un terceiro o o colocaba no barco. Os pozos pechábanse de novo coa forza das mareas nuns 4 meses.

Os barcos de transporte do barro eran contratados polos telleiros ós lancheiros. Partían da beiramar de Castrelo, Dena e Vilalonga, para atender ás telleiras mais próximas e distribuílo tamén polas diversas telleiras da ría chegando ata Catoira e Cordeiro. Eran veleiros dun só pao, con vela e foque triangulares, de entre 14 e 20 metros de eslora, co fondo moi plano e quilla de uns 20 centímetros para navegar por zonas con pouco fondo. Podían levar ata 20 ou 24 toneladas. "O traballo máis duro e perigoso realizábano os tripulantes dos galeonciños de menos de 10 metros de eslora que, aproveitando a seca da marea, furaban en

plena ría de Dena pequenas minas nas que procuraban o barro branco co que enchían o barco, para logo trasladalo ás telleiras ou aos mercantes e pailebotes fondeados na Poza do Beiró, mesmamente fronte un Hotel da Toxa”[3]
Nomes destes barcos eran O Patiño, de 24 toneladas; outro o José Antonio, de 20 toneladas, propiedade de José Antonio Rial Rivela de Cordeiro, que tiña outro barco mais e que logo ós vendeu a Joaquín Lustres Vicente. Ramón do Bouxón en Bexo (San Xoán de Laíño, Dodro) tiña tamén un barco co que carrexaba o barro para a telleira, terra e mais area.

107: Vista da Ensenada de Vilalonga.
Fotografía do autor.



7_Barreiras na Devesa.




No lugar da Devesa supoñemos a existencia de barreiras moi próxima á telleira, aínda que descoñecemos o lugar.

8_Barreiras de Catoira.



Lugar de extracción de barro nas proximidades do lugar de As Telleiras e CEDONOSA.

9_Borreiros-Tixó.



Mina de barro da que descoñecemos para que era utilizada.

108



108: barreira de Borreiros-Tixó.
Fotografía do autor.

10_Mina da Carballa.



Mina de barro en Palmeira, no Concello de Ribeira que servía á telleira de Palmeira. aínda que antigamente foi unha mina de explotación de outros metais.[4]

[4]Introducción a minería no Barbanza. Maria Luisa López Otero e José Manuel Álvarez-Campana Gallo, (coord.). Cámara Oficial Mineira de Galicia. 2007.

V_OS TELLEIROS.

Os telleiros da comarca do Baixo Ulla.

Os telleiros do Baixo Ulla foron na súa maioría campesiños que nos meses de verán adicábanse ó traballo do barro. Durante a tempada de verán os homes acudían ás telleiras. Pasaban alí toda a semana, se non vivían moi preto, descansando soamente os domingos. As mulleres facíanlles a comida, que lles levaban cando cocían pan no forno. Tamén acudían en momentos puntuais, como no de encañar o forno ou durante a cocción.

Os telleiros proviñan de toda a comarca, chegando tanto das parroquias do actual Concello de Valga como dende Catoira e Dimo, das freguesías de Carcacía ou Iria Flavia en Padrón ou da Vacariza.

Así, os irmaos Padín quedaban a durmir na telleira de de Vilar, salvo o pai, que tornaba á casa tódalas noites. Durmían "nunha casetiña que se facía de ladrillo cuns puntales de madeira, con xergóns de palla de centeo, como un colchón"[1] (tamén usaban follas de millo). Unha das irmás levóballes cando cocían "dúas latas de empanada de millo, con sardiniñas ou xurelos e catro litros de viño"[2]. Eles cociñaban o resto dos días e á noite: caldo, touciño e patacas. A pesares da proximidade, non pescaban nunca no río.

Por outra banda, os irmaos Castaño Tojo tornaban á súa casa tódalas noites, moito mais próxima. As súas irmás tamén lles levaban á comida á telleira.

cando cocían. os telleiros poñían un pote aproveitando o lume do forno e "xa non o lavaban mais, cando acababan un enchíao outra vez."

O mesmo debía acontecer en épocas mais antigas, cando as telleiras eran traballadas polos "veciños do lugar".

[1]Entrevista a Rosa Padín. Grabación sonora realizada o 26/10/10.

[2]Ibídem.

Por outro lado hai que sinalar que outros moitos dos traballadores dos fornos proviñan do Salnés ou do Baixo Miño, (polo menos a partires de finais do século XIX). Estes forasteiros durmían no caseto preto da telleira dende maio ata setembro. Apoiábanse nos telleiros do lugar para conseguir o pan e resto de alimentos cos que se alimentaban (touciño para o caldo principalmente). O telleiro Castaño Tojo tiña como unha das súas obrigas o de conseguir gran, moelo e facer o pan para o resto de telleiros. Moitos destes telleiros tras facer varias tempadas na comarca, acabaron por casar coas mozas locais, instalándose a vivir alí como Vicente Padín ou Antonio Fariña; ou vindo só a traballar estando o resto do ano no lugar de orixe do telleiro, como é o caso de José María Francisco de A Guarda.

O traballo de telleiro era dende "o abrir do día ata cenar de noite[3]". A maioría dos telleiros consideraban as xornadas durísimas traballando co sol "cando caían os paxaros[4]". Aínda que a outros como Castaño Tojo non consideraban o traballo mais duro que outros, estando ademais mellor remunerado.

O resto do ano os telleiros volvían ás súas labores de campesiños, aínda que na época de mais traballo durante o verán eran as mulleres as que levaban o peso dos traballos do campo dada a ausencia dos homes.

Outros moitos veciños traballaban na telleira puntualmente levando carros de toxo e corouzas. Tamén serraduras, resina e ramas que os telleiros lles pagaban.

[3]Entrevista a José Padín. Grabación sonora realizada o 03/09/10.

[4]Entrevista a Dorinda de As Torres. Grabación sonora realizada o 20/08/10.

Listaxe dos derradeiros telleiros na comarca dos que temos constancia.

-José Pérez Portela. Telleiro nos fornos do Belén entre 1910 e 1926.

-Hipólito Castaño Tojo. Telleiro no forno de As Rañas ó redor dos anos 194?-194?. Posteriormente traballou na caleira de Pontecesures, na cerámica de Ares e finalmente tivo un obradoiro de cerámica en Lastrove.

-Francisco Castaño Tojo, foi principalmente o pieiro na telleira de As Rañas 1943-1950? e de Roeiro nos anos-194?-194?

-Jose María Francisco, "Pepe de A Guarda". Foi o patrón da telleira de Quintáns, entre 1920?-1940, de Roeiro, 1943-1944 e de As Rañas entre 1944-1949?). Viña de A Guarda con outros telleiros que o acompañaban.

-Isidoro Francisco, fillo de José María. Traballou na telleira de Roeiro 1943-1944), oficial en As Rañas (1944-1950) e patrón durante un ano en As Rañas(1950?).

-Manuel López Figueira. Patrón da telleira de O Forno, que era da súa propiedade. Traballouna durante algúns anos (1896-191?ou2?) e, posteriormente, asociouse a Vicente Padín.

-José Victoriano López Castro, fillo de Manuel. Traballou de pinche na telleira de O Forno. (193?-193?)

-Andrés Gómez Bouzas. Patrón da telleira do Camiño

Real. (1881-1914)

-Vicente Padín. Telleiro procedente de Dena que casou e viviu en O Forno. Traballou no forno do Camiño Real (19?-191?). Posteriormente alugou a telleira de O Forno con traballadores de Dena. (191?-192?) Mais tarde arrendou as telleiras de Roeiro (192?-192?) e As Rañas (192?-1941) para, finalmente, construir a súa propia telleira. (1942-195?)
-José Padín. Fillo pequeno de Vicente. Traballou como pinche na telleira de O Forno (1926-192?) e como tendedor nas telleiras de Roeiro (192?-192?), As Rañas (192?-1941) e Padín. (1942-1948). Logo marchou a traballar a cerámica de CEDANOSA.
-Manuel Padín. Fillo maior de Vicente. Traballou na telleira de o Forno (192?-192?). Foi o oficial das telleiras de Roeiro (192?-192?), As Rañas (192?-1941) e Padín (1942-195?). Como levara un corte en dous dedos, deixaba unha marca particular nas tellas que as identificaba.
-Arturo Padín. Fillo de Vicente. Traballador na telleiras de As Rañas,(192?-1941) Roeiro (192?-192?) e Padín. (1942-195?)
-Vicente Padín fillo. Fillo de Vicente. Traballador na telleiras de As Rañas (192?-1941), Roeiro (192?-192?) e Padín.
-Cándido Padín. Fillo de Vicente. Traballador na telleiras de As Rañas (192?-1941), Roeiro (192?-192?) e Padín. (1942-195?)
-Alfredo Padín. Fillo de Vicente. Traballador na telleiras de As Rañas (192?-1941), Roeiro (192?-192?) e Padín. (1942-194?)

-Rosa Padín. Filla de Vicente. Ocupábase de levar a comida á telleira cando traballaba a familia Padín.
-Manuel Fariña Tojo. Traballou na telleira de Maria Antonia en Catoira con outros homes procedentes de Dena e os seus fillos (19??-1950). Logo traladouse cos seus fillos á telleira das Rañas. (1951-195?)
-Antonio Fariña Moldes, procedente de Dena, instalouse en Santa Baia ó casar con Milagros. Traballou na telleira de Maria Antonia e de As Rañas (1951-195?).
-Manuel Fariña Moldes. Traballou na telleira de Maria Antonia e de As Rañas (1951-195?).

-Outros telleiros de Dena. Viñan con Vicente Padín e cos Fariña.
-Outros telleiros de A Guarda e o Rosal. Traballaron con José María Francisco, con quen viñan.

A lingua dos telleiros da comarca.

O latín do cabaqueiros do Baixo Miño, a xerga utilizada polos telleiros para non seren comprendidos por estraños, non se escoitou no Baixo Ulla. Os telleiros consultados contáronnos que había algunhas diferencias nalgunhas palabras e co acento, “mais como os portugueses”, de feito os telleiros do sur de Galicia eran a cotío confundidos con telleiros portugueses. “Dunha fala propia non sei nada. De eso non falamos nada. Falaban igual: no canto de dicir entonces, dicían entón. Nós diciamos ven acá e alá e eles ven ca, ven la. Era a mesma cousa. Tiñan un montón de palabras tirando a portugués, pero se lles entendía millor que ós portugueses[5]”.

No tocante ás verbas utilizadas para designar os nomes das ferramentas, das partes da telleira e da xerga en xeral que se usaban no oficio, destacar que teñen unha raíz común ós usados en lugares de Castela, como a zona do río Tormes[6], sendo moi diferentes ós usados noutras comarcas da península como Aragón[7]. Exemplos disto poden ser grade, gradilla...

Non hai así unha relación coas verbas que se usan no norte de Portugal[8] para designar ás actividades e aparellos dos telleiros, polo que podemos relacionar a aparición de telleiros en Galicia a unha relación con áreas de Castela ou León, como puideran ser as migracións de traballadores do Baixo Miño a traballar no campo ou na construción[9]. Non habería relación coas áreas mais próximas portuguesas.

[5]Entrevista a Francisco Castaño Tojo. Grabación sonora realizada o 10/03/11.

[6]Entrevista a Dorinda de As Torres. Grabación sonora realizada o 20/08/10.

[7]La construcción tradicional. Teja, ladrillo y baldosa. Eugenio Monesma. Pyrenne P.V. 2004.

[8]As telheiras de Barqueiros. Antonio veiga Araújo. In Actas do coloquio Manoel de Boaventura. Esposende 1987.

[9]Diccionario geográfico y estadístico de España y Portugal (1826-1829) de SebastiánMiñano.

O oficio de telleiro e ladrilleiro.

O oficio de telleiro traballábase en grupo ou cuadrilla de polo menos 5 persoas. A estes cinco sumábanselle outros traballadores en momentos puntuais. Os postos principais eran:

-O Pieiro. O encargado de amasar o barro, de misturalo e de preparar a primeira masa. Tamén se encargaba de facer a comida ó mediodía.

-O Carretilleiro. Ocupábase de quitar o barro da pía, purgalo e levarlla ó oficial, así como de manter limpa a eira.

-O Oficial. Era o posto mais importante e de gran responsabilidade, que se conseguía despois de anos de traballo na telleira. Tiña o cometido de darlle a forma a tella colocándoa sobre o formal que levaba o tendedor.

-O Tendedor. Levaba a tella sobre o formal ata a eira, onde tiña que separala do formal, deixándoa secar. Tamén se ocupaba de darlle volta as pezas para que secasen todas por igual. Podía haber ata dous tendedores se se adiantaba moito barro.

-Os Pinches, Sevicieiros ou Asentadores. Axudaban a todos, principalmente na pía, picando o barro, ou na eira, axudando ó tendedor, dando volta ás tellas. Tamén ó oficial, peneirando o po da cinza sobre o banco.

-O Cocedor. Cando había que encañar as tellas e ladrillos ocupábase de colocalas no forno con moito tino. Tamén ocupábase de manter o lume durante o día. O cocedor adoitaba ser algún dos traballadores habituais, os pinches ou servicieiros, que no momento do encañado pasaba a facer esta función ou ser outro obreiro especializado. Tamén había mulleres que axudaban neste momento.

A chegada do barro nas lanchas e a extracción nas barreiras veciñas

O galeón chegaban ó tanque, unha pequena canle coas dimensións dunha lancha que se escavaba na beira do Ulla para que puidesen cargar e descargar o material as barcas. Podían levar ata 24 toneladas de barro. Viñan nel dous mariñeiros e mais o patrón. Para a descarga o patrón da telleira puña normalmente un dos pinches da telleira. O barro depositábase no peirao, próximo á pía.

O barro da bisbarra era extraído polos propios telleiros ou por outros traballadores contratados por eles nas barreiras próximas á telleira. Dende a barreira transportábase en carro á pía.



109: galeón transportando barro. Fotografía cedidas por Albino Caneda á web ondequeda vilalonga.blogspot.com

Amasado na pía

Era un proceso que levaba varios días. Primeiro había que picar o barro no peirao cunha aixada, ben miúdo. Coa pala e a carreta íase baleirando entón nas pías. Ditas pías, co barro xa picado, enchíanse con auga que se recollía ó medralo río. Deixábase abrandando ata o día seguinte. O amencer metíase un cabalo na pía (ou outra besta) e facíaselle trotar. O pieiro o acompañaba dentro da pía. O cabalo, cando o barro comeza a tirar, asuca; e dicir, "pon os pés onde quita as mans". Para que non fixera isto había que que cambiar a ruta que facía, *acuartaronándoa*, de xeito que pisase todo o barro. Este proceso se facía durante toda a mañá dende as 8 ata a hora de comer á 1 da tarde. A derradeira hora de amasado facíase a paso, non a trote, xa que o barro comezaba a tirar forte e pegarse ás patas e o cabalo non podía trotar mais.
O seguinte paso era alisalo, porque estaba cheo dos buratos que facían as patas do cabalo: collendo unha aixada polo mango íase achaiando.
Logo despois tapábase con terróns do campo, cortados en cadrados e bastante delgados, para tapalo barro por riba para que non secara.




110: Pieiro amasando coa caballería na telleira de Castrelo, Meaño en 1948. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.

Purgado da mistura

O carretilleiro comeza entón a quitar os terróns a medida que o vai necesitando para facer as mudadas, unhas moreas de barro que se forman xuntando catro carretillas de barro. O carretilleiro cunha espada ou machete de ferro, tamén chamado cuchilo, acoitela toda a mudada ó redor na busca de grans duros, as grobas, que o atopalos, aparta da mistura. De conter un deses croios unha tella estouparía ó cocer. A operación era moi laboriosa, tomando bloques de barro da mudada, os pañóns, polos que pasa o cuchilo ata tres veces. Repetirá a operación as veces necesarias ata lograr unha masa fina e limpa. Encherá finalmente a carretilla coa masa preparada para levarlla ó oficial.

Outra labor do carretilleiro era rodar ben a eira, mantela limpa e endereitada.



111: Fragmento dun gravado sobre o purgado da mudada. In As telheiras de Barqueiros. Antonio veiga Araújo. In Actas do coloquio Manoel de Boaventura. Esposende 1987.

Formación de tellas

O oficial estaba situado no banco. Tiña a gradilla, un molde formado por catro traveseiros de madeira; e o raseiro, unha peza de madeira rectangular coas esquinas redondeadas. Introducía a masa que lle traía o carretilleiro no molde e co raseiro sacaba o resto de barro. As pezas mollábanse continuamente, para que o barro non pegase, nunha auga que había nunha pía de madeira, o baño, situada no mesmo banco. Sobre a mesa do banco botábase cinza ou po de barro ben peneirado pola mesma razón. Chegaba entón o tendedor e colocaba o formal, o molde de madeira que daba a forma á tella, previamente mollado ó carón do banco. O oficial apostaba enriba do formal a gradilla e soltaba o barro do molde, que collía entón a forma da tella. Neste punto pasábaselle a man con auga do baño e podíaselle imprimir algún signo que a identificase. Tipos de tellas:


-Tella grande, para aleiros. Facíase unha dagha soamente en cada cocción.

-Tella normal, que era a mais fabricada.

-Cumes de tellados, dos que tamén se facían menos.

-Canais, que eran as pezas mais grandes. Deixaron de facerse cando se comezaron a producir cumes.





Esquema e Fotografía: Fotografía e esquema de medidas de tella normal, tella grande e cume do forno de Padín.





112: Oficial no banco. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.
113: Oficial introducindo a masa na gradilla mentres una axudante baña o formal. Festa dos Cabaqueiros do Rosal 2009. Fragmento dunha fotografía de Ricardo Grobas in *vivirgalicia. blogspot.com*

Tendido e secado na eira

O tendedor levaba o formal xa co barro ata situalo no chan da eira. Alí afrouxaba o formal, dándolle un golpe seco, deixando xa a tella secando ó sol. As tellas cambiábanse de posición varias veces. Ó estar duras levantábase e poñíanse 10 ou 12 tellas de pé e despois unha, aguantando, *do brasado*. Así ata conseguir un secado uniforme.





114: Tendedor levando a tella para a eira. Fragmento de fotografía. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.
115: Tendedor na festa dos Cabaqueiros do Rosal 2009. Fragmento dunha fotografía de Ricardo Grobas in *vivirgalicia. blogspot.com*

Fabricación de ladrillos

Co ladrillo facíase o mesmo proceso que coa tella. A mistura adoitaba ser mais feble, de peor calidade. A súa formación era mais simple xa que da gradilla ía directamente a tender á eira cando o ladrillo era macizo. Cando comezou a facerse o ladrillo con buratos o molde fíxose mais complexo, introducindo uns cilindros de madeira que daban a forma dos buratos.

Posteriormente comezaron a facerse cunha maquinaria sinxela, que tras introducir o barro, botaba unha especie de churros coa forma do ladrillo, con dous buratos, que había que cortar, facendo os ladrillos. De cada golpe manual da máquina podían saír dous ou tres ladrillos. A este mester adicábanse todos os telleiros: cando se facía o ladrillo non se facía tella.

Tipos de ladrillos:

-Macizos

-De 3 buratos, feitos con molde.


-Con 2 buratos, feitos a máquina.



116: Tendido de ladrillos nunha eira en Alcalá de Henares, 1998. Fotografía in *www.madrimasd.org/cienciaysociedad/patrimonio/rutas/arqueologia/*







117: Medidas e fotografías de ladrillo macizo e ladrillos de dous buratos elaborados no forno de Padín.

Almacenamento no pallete

Unha vez secas as tellas e ladrillos almacénanse no pallete, á espera da cocción. Recollíase o grupo de 10 ou 12 tellas e colocábanse no peito para levalas ó pallete. Había que tratalas con coidado para evitar que se fracturen no tranporte.


Tamén cando comezaba a chover había que recoller a tella da eira con mais coidado aínda se cabe, xa que a tella, estando mol, era doado que rompera. O escampar volvíase a poñer a secar



117: Almacenamento de tella na telleira de Noia. Fotografía cedida por Albino Caneda á web ondequeda vilalonga.blogspot.com

Encañado

Para encañar o forno, colocar as tellas no forno, facíanse dúas paredes de ladrillos perpendiculares en forma de cruz, chamados paredóns, que dividían o forno en catro partes iguais, os cuarteiróns. Previo ós paredóns colocábase unha dagha ou nivel de ladrillos de canto, deixando ocos entre eles para que pasase o lume, chamada dagha de cribo. Facíase un nivel do paredón e colocábase un nivel de tella, chamado tamén dagha. Unha dagha tiña aproximadamente 4000 tellas. Logo se subía outro nivel ó paredón e se completaba coa tella outra dagha. Así varias veces, ata unhas 11 daghas, ó redor de 44.000 tellas, que levaba cada fornada. E despois aparte os ladrillos. Para colocala terra o especialista tiña que andar por riba das tellas crúas cos pés espidos. Se se pousaban os pés *apromados* non partían, pero se non, retorcíase a tella, *rouseaba.*



118: Esquema do encañado dunha telleira. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.

Cocción. A leña.

A cocción duraba de 6 a 8 días, dependendo do barro. O lume non podía pararse en ningún momento. Durante o día ocupábase de manter o lume o Cocedor. O resto dos homes seguían fabricando tella. Pola noite quedaban dous homes da telleira e outros dous os substituían á unha ou dúas da mañá e traballaban ata ó amencer. O resto marchaban a durmir. O día seguinte había que seguir traballando.

Prendíase o lume e os primeiros 2 ou 3 días non podía ser moi forte, cocendo as tellas lentamente. A isto lle chamaban desudar a tella, para que perdera a humidade e non escachara ó cocer.


Logo había que caldear, darlle un lume mais forte, para que entrara a calda na tella. Isto se facía tamén durante 2 ou 3 días.

Por último había que abeixar, Tiña que cocer con lume moi forte para darlle o recocho ás tellas. Se cocía ata que o lume saíra por riba e o lume collera un color vermello como a tella. Duraba 1 día aproximadamente.

Despois tapábase con restos de tella e barro por enriba e se deixaba de alimentar o lume. E así, deste xeito, deixábase arrefriar.

Para o lume usábase carozo, *a ghansa*, tamén rachuela e serradura das fábricas de Catoira que se amontoaba ben seco nun cuberto. Para o telleiro era mellor non obstante a leña, xa que introducindo unha boa cantidade, “unha calda boa”, botaba media hora a arder. Tamén se lle botaba toxo que recollían os veciños no monte e traían en carros que lles pagaba o patrón da telleira.





119: Telleiros botando leña na caldeira. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.

120: Esquema das fases de cocción dunha telleira. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.

Desencañado

Cando arrefriaba o forno o cocedor, axudado por outros homes ou mulleres, comezaba a sacar a tella, a desencañar. Tella e ladrillo almacenábanse no pallete esperando a súa venda.



121: Telleiro desencañando. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.


VII_O COMERCIO DAS TELLAS E DO LADRILLO

O comercio da tella e ladrillo das telleiras do Baixo Ulla vendíase por toda a comarca, na marxe norte da ría de Arousa, nas aldeas entre Ribeira e Padrón. Repartíase en barcos que chegaban ós embarcadoiros, onde o recollían a mercancía en carros os interesados. Os tratos facíanse normalmente nas feiras ás que acudía un dos telleiros mais experimentados normalmente en bicicleta.

Ademais a tella e ladrillo repartíase en carros pola zona e polo interior da comarca: a Dimo, Catoira, Cordeiro...

Tamén levábanse barcos de tella a Pontecesures e alí distribuíase en camión a contratistas e comerciantes da zona: Rois, Padrón, Cesures, que logo eles distribuirían, e tamén a particulares.

A unidade tradicional de medida para a venda de tellas era o moio ou cantidade de tellas que se precisan para encher un carro de bois. Era unha medida variable dependendo do tamaño do carro.[1]


lado del cadáver al cementerio general, en donde se le practicó la autopsia.

Accidente marítimo

Cuando salía de Villalonga el vapor "Candal", con un cargamento de arcilla para Bilbao, tocó en uno de los bajos próximos al balneario de La Toja, quedando varado.

DE REDONDELA—

Accidente desgraciado

00: Noticia aparecida o 25/12/1927 no Heraldo Gallego sobre un accidente marítimo dun barco de Vilalonga con cargamento de arcilla.

[1]As telleiras tradicionais. O exemplo Aresán. Lois Ladra. En Cátedra, revista eumesa de estudios nº14. 2006.

A aparición das telleiras industriais non parece que fora un factor fundamental para o abandono da actividade. De feito entre 1922 e ó redor do ano 1960 cando desapareceron as derradeiras telleiras artesanais, foron mais de 35 anos nos que conviviron na comarca a fábrica de Novo y Sierra S.A. e as telleiras tradicionais. No 1945 comezaría ademais a súa actividade CEDONOSA.

As telleiras industriais enviaban a súa produción ás grandes áreas de Vigo e de Coruña-Ferrol principalmente, que nesta época estaban a cobrar un grande pulo[2], conservando as pequenas telleiras as redes de distribución tradicionais nas feiras e mercados da comarca do Baixo Ulla e do Barbanza. Este era un mercado que se realizaba cara a cara entre o patrón da telleira e os compradores.

Dende os primeiros anos do século XX, outra parte da súa produción a vendían ó mercado de contratistas e grandes comerciantes locais que xurdiran na bisbarra dende o derradeiro terzo do século XIX e que se encargaban de distribuílas pola comarca.

[2]El empeño industrial de Galicia. 250 años de historia, 1750-2000, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza. Carmona Badía, X. e Nadal, J. (2005).

00: Lista de empresas con persoal asalariado no Concello de Valga. 1938. Arquivo do Concello de Valga

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

AYUNTAMIENTO DE VALGA

CENSO GENERAL DE PATRONOS DE ESTE DISTRITO QUE TIENEN PERSONAL ASALARIADO.

NOMBRE Y APELLIDOS	VECINDAD	INDUSTRIA	OBSERVACIONES
Francisco Vazquez Rey	Campaña	Taller mecanico	4 obreros
Novo y Sierra y Cª	"	Fabrica de ladrillo	
Novo y Sierra y Cª	"	Molino harinero	solo un obrero
Manuel Otero Barcena	Valga	Fabrica de virutilla	solo un operario
Viuda de José Abalo Otero	"	Fabrica de aserrar madera	
Vicente Padin	Loure	Horno de teja	uno solo

Valga 23 de Junio de 1938.=II Año Triunfal

El Alcalde

00

Os telleiros artesáns continuaron o seu oficio estacional como complemento ás labores agrícolas e gandeiras.
Neses anos traballaban 3 grupos de telleiros artesanais simultáneamente: o de Vicente Padín, o de José María Francisco e o de Fariñas. Todos producían ladrillo e tella e, a pesares da competencia das grandes fábricas no tocante ó ladrillo, non da tella, tan só unha das telleiras, a de José María Francisco, incorporará unha certa mecanización na fabricación de ladrillo, unha máquina galletera.
Pero pouco a pouco estas telleiras foron rematando a actividade ante a dureza do oficio, na procura de mellores condicións de vida. O punto de inflexión comezará no entorno dos anos 50, cando empezarán a pechar paseniñamente. Primeiro a de José María Francisco, a única que contaba con certa mecanización; logo Fariñas, quen dicía ó pechar que “se quixesen ter continuado terían que incorporar maquinaria[3]”, e por último, a de Padín, que continuou de maneira artesanal.
O certo é que as tres pecharon coa morte ou a xubilación do patrón de mais idade. Os fillos deles ou non continuaron ou abandonaron ó ano seguinte. Á nova xeración a telleira artesanal parecíalle un traballo demasiado duro, inseguro e á intemperie e marcharon traballar ás fábricas veciñas ou á emigración, que ofrecían condicións mais estables ó longo de todo o ano. A isto uníaselle o desmantelamento da rede tradicional de venta baseada no coñecemento persoal que a nova xeración non herdara dos seus pais, a construción de novas fábricas na comarca e a puxanza da emigración.
Algúns deles, de feito, pasaron a formar parte do persoal das novas fábricas onde tiñan mellores

condicións laborais. Hipólito Castaño Tojo marchou á Caleira de Pontecesures e despois á Cerámica de Ares, José Padín foi traballar a CEDONOSA onde nos contou da súa experiencia:


"...traballei en Catoira, en CEDONOSA 40 anos. De cerámica. Alí había barro, químicas, refractario, tubos de gres...para tendelos tubos xa me collían a min, para tendelos, que xa tiña mano...[4]"

Outros telleiros emigraron: a Bilbao (Alfredo Padín), Brasil (Isidoro Francisco e Vicente Padín)


Outros telleiros, non obstante, continuaron nas labores agrícolas, como Francisco Castaño Tojo.

[3]Entrevista a José Padín, gravación feita o 10/09/10 na súa casa de A Canle.

Plano: Puntos de venda da tella e ladrillo durante o século XX. Orixe e destino da materia prima. Medios de transporte. Elaboración propia.



Plano: Rutas marítimas da venda de tella e ladrillo; e distribución do barro durante o século XX. Telleiras funcionantes no século XX na ría de Arousa. Elaboración propia. As telleiras de Vilalonga foron tomadas de *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Leiro Lois, Xosé Ramón Daporta e Saúl Otero. Ir Indo edicións. 1993.



VIII_FERRAMENTAS E TREBELLOS USADAS POLOS TELLEIROS

1_Extracción do barro

-Barreiras no mar

Vara, calador ou cala[1]

Barra de ferro de punta afiada de entre 2 e 3 metros de longo, que se introducía no lodo da enseada ata notar a resistencia do barro.

Espeto[2]

Pau de madeira usado para sinalar a existencia dunha zona con barro na enseada.

Caixoada[3]

Caixón feito de láminas de madeira aberto superior e inferiormente para escavar a poza de barro e protexer de posibles derrubamentos das paredes laterais.

Mazo[4]

Martelo de grandes dimensións feito en madeira para espetar a caixoada no lodo.

Eixada de descubrir, picocha ou cavador[5]

Sacho de forma cadrada. Serve para sacar a primeira capa de terra ata atopar o barro de calidade.

Eixada de cavar[6]

Sacho con folla mais estreita que a de descubrir, duns 20 centímetros de lonxitude e 10 centímetros de ancho, con mango de buxo. Serve para extraer o barro das pozas.

-Barreiras no monte

Pico

Ferramenta tradicional de cavado con punta metálica e mango de buxo, para romper a terra e poder recollela coa pala nas barreiras no monte

Pala

Ferramenta tradicional para recoller o barro picado en seco e cargalo en tinas e cestos para o carro.

Tinas[7]


[1]La Alfarería de Galicia. Luciano García Alén. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2008.Edición facsímil.
[2]Ibídem.
[3]As telleiras (cabaqueiros). Adela Leiro Lois, Xosé Ramón Daporta e Saúl Otero. Ir Indo edicións. 1993.
[4]Ibídem.
[5]La Alfarería de Galicia. Luciano García Alén. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2008.Edición facsímil.
[6]Ibídem.

Recipientes en madeira con forma tronco-piramidal para o transporte de barro.


Cestos

Recipientes en diferentes tipos de madeira trenzada con forma diversas para o transporte de barro.

[7]As telleiras (cabaqueiros). Adela Leiro Lois, Xosé Ramón Daporta e Saúl Otero. Ir Indo edicións. 1993.




122



123



124



125

122: Sección transversal dunha excavación de barreira. In *La Alfarería de Galicia*. Luciano García Alén. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2008.Edición facsímil.
123: Debuxo dunha eixada do barro. In *La Alfarería de Galicia*. Luciano García Alén. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2008.Edición facsímil.
124: Eixada e pico para a excavación das barreiras. Fragmento de fotografía. In *La Alfarería de Galicia*. Luciano García Alén. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2008.Edición facsímil.
125: Debuxo dunha vara ou cala. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.










126: Excavando una barreira con eixada e cesto. Fragmento de fotografía. In *La Alfarería de Galicia*. Luciano García Alén. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2008.Edición facsímil.

127: Transporte de barro na Guarda. Fragmento de fotografía. In *La Alfarería de Galicia*. Luciano García Alén. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2008.Edición facsímil.

128: Excavación de barreira. In *La Alfarería de Galicia*. Luciano García Alén. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2008.Edición facsímil.

129: Debuxo dun mazo. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.





130: Debuxo dunha caixonada. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.
131: Excavación de barreira con eixada. Fragmento de fotografía. Tina no primeiro plano. In *La Alfarería de Galicia*. Luciano García Alén. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2008.Edición facsímil.

2_Amasado na pía

Eixada

Ferramenta tradicional usada de cotelo (co revés) para romper terróns e para trasladar barro á pía ou da pía.

Purgado da masa e transporte

Cuchilo ou cuchillo (sabre ou ferro)

Instrumento de ferro con forma de coitelo de 1 metro de longo que servía para acoitelalo barro, para purgalo de croios e doutras impurezas.


Carretilla

Usábase para o transporte de barro. Eran de madeira.


Rodo

Peza de madeira de ata 50cm cun mango que servía para limpa-la eira e mantela chá.

3_Formación da tella, ladrillos e tendido








132: Debuxo dun rodo. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.

133: Peza en ferro para o amasado da pía mediante caballería, cortesía de Rosa Padín. Fotografía do autor.

134: Debuxo dun sabre ou cuchilo. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.







135: Facendo a mudada na Guarda. Fragmento de fotografía. In *La Alfarería de Galicia*. Luciano García Alén. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2008.Edición facsímil.
136: Pieiro traballando a mudada. Fragmento de fotografía. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.
137: Uso do cuchilo para o purgado da mistura. Fragmento de fotografía. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.

Banco

Mesa de madeira de 1,5 metros de longo e 50 ou 60 cm de largo, lixeiramente inclinada de altura variable xa que se facían a medida do oficial. Tiña un polveiro na parte alta co po de barro ou cinza e unha pía de auga.

Grades ou gradillas

Marcos trapezoidais de madeira que forman os perfís de tellas e ladrillos

Peneira

Bastidor cadrado de madeira cunha rede metálica no fondo para peneirar cinza ou po de barro sobre o banco

Raseiro ou cepillo

Taco de madeira coas esquinas redondeadas para quitar o barro sobrante da gradilla.

Formal ou forma

Molde semitroncocónico feito en madeiro que lle da a forma á tella.

Maquinas galleteras


Maquinaria sinxela a modo de churreira movidas coa forza dos propios telleiros para a elaboración de ladrillo cunhas bocas que lle daban a forma ó ladrillo.

4_Cocción




138: Conxunto de formais usados na telleira de Roeiro. Cortesía de Rosa Padín. Fotografía do autor.









139: Banco de telleiro. Museo do pobo galego. Fragmento de fotografía da web do museo.

140: Banco de telleiro cos nomes de cada elemento. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.

141: Gradilla. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.

142: Raseiro. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.

Forcada


Galla metálica de ata 1 metro de lonxitude cun mango de entre 3 e 5 metros de longo para introducir a leña na caldeira.

Paleta

Pa de madeira de 30 cm de lado para botala serradura na caldeira







143: Forcada da familia Padín. fotografía do autor.
144: debuxo dunha forcada. In *La Alfarería de Galicia*. Luciano García Alén. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2008.Edición facsímil.
145: debuxo dunha paleta. In *As telleiras (cabaqueiros)*. Adela Lois e outros. Ir Indo, 1993.

IX_A INDUSTRIALIZACIÓN DAS TELLEIRAS

Cerámicas industriais no Baixo Ulla. (1921-1965)

A chegada nos anos 20, ó tempo que noutras comarcas galegas, das primeiras fábricas que introducirán sistemas industrias na produción de tellas e ladrillos[1], permitirá falar dunha industria moderna distinta da tradicional.

A maior innovación nestas sería a substitución dos fornos tradicionais polos chamados fornos de tipo Hoffman e a introdución da enerxía mecánica[2]. Ademais comezarase a instalar tamén o túnel de secado.

Os fornos Hoffman permitía una cocción mais uniforme, resultando enormemente mais económico en termos de consumo e traballo. Baseado na circulación permanente do lume ó longo dunha extensa galería compartimentada, o forno funcionaba sen interrupción. A súa forma era elíptica, respondendo a un criterio de aforro e optimización enerxética, cun círculo interior dividido en de 12 a 24 cámaras, que se atopaban conectadas interiormente e o mesmo tempo a un conduto que expulsaba o aire cara unha cheminea. As cámaras pechábanse de forma temporal cunha porta ou parede de ladrillo ata que finalizaba o proceso de cocción. Nas cámaras depositábanse entorno a 25000 ladrillos. O lume que se acendía en cada unha das cámaras servía tamén para prequentar as cámaras adxacentes. Mentres este proceso estaba en marcha, impulsábase aire ó interior, xerando unha corrente que circulaba a través da porta da cámara na que se tiñan descargados os ladrillos pero en sentido oposto de maneira que arrefriaban as pezas xa cocidas desta e das cámaras adxacentes. O lume avivábase de forma continua nun

[1]El empeño industrial de Galicia. 250 años de historia, 1750-2000, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza. Carmona Badía, X. e Nadal, J. (2005).

[2]Ibídem.

proceso sen final, óptimo en termos enerxéticos: O consumo de combustible do forno Hoffman era de menos da terceira parte do forno ordinario, xa que no forno usábanse tamén os gases menos inflamables, que no ordinario escapaban á atmosfera, ademais de aproveitar a propia calor dos ladrillos cocidos para quentar ós crus. O combustible era principalmente leña.[3]

As novas fábricas instálanse na zona do Baixo Ulla pola súas boas comunicacións, cunha estación de ferrocarril e embarcadoiro moi próximos, así como pola proximidade das barreiras que xa eran utilizadas polas vellas telleiras artesanais dende séculos atrás.

Impulsadas polo crecemento das áreas urbanas, fábricas como CEDONOSA comezarán a introducir novos produtos, tales como materiais refractarios, gres, sumidoiros... que se sumarán a tellas e ladrillos.

[3] Consultar a bibliografía sobre fornos industriais para mais información.

1_A fábrica de Cerámica de Novo y Sierra S.A. en Campaña.

Lugar

Gándaras de Campaña, na parroquia de Santa Cristina de Campaña, Concello de Valga.

Historia

A fábrica de ladrillos de Campaña en Valga foi unha das mais importantes cerámicas de Galicia xunto coas da Terra de Lemos (Cerámica Rubián, fundada en 1926 en Bóveda; La Galaica, fundada en 1909, e Pérez García Rey, en 1926, ámbalas dúas en Canabal), o Salnés (La Sequiña de Sanxenxo fundada en 1929 e Guisasola e cía. en Vilalonga de 1909) e o Baixo Miño (As Cachadas en A Guarda fundada en 1900 e Severino Gómez en Guillarei).[4]

[4] El empeño industrial de Galicia. 250 años de historia, 1750-2000, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza. Carmona Badía, X. e Nadal, J. (2005).

146: Vista xeral da fábrica na actualidade. Fotografía do autor.



-Os inicios da fábrica.

Comezou as súas actividades oficialmente no 1922, onde figura a súa primeira matrícula industrial, aínda que puido comezar a finais do 1921. As xestións oficiais iniciáronse en 1921, nun permiso concedido polo concello de Valga ó empresario de Vigo Manuel Posada Fernández (que parece ser estaba asociado ó tamén vigués Manuel Otero Bárcenas) para "edificar unha casa de labranza baja, destinada a cocer teja y ladrillo y contiguo a un galpón para depósito de maquinaria"[5] no lugar de Torre, na parroquia de Campaña. Ademais este solicitou unha autorización a Dirección General de Agricultura, Minas y Montes para a explotación de 24.36 áreas de terreo do monte número 129 do catálogo de utilidade pública da provincia de Pontevedra chamado "Gándara de Campaña". Permiso que se lle concedeu "para ocupar...dos trozos de terreno de forma rectangular, uno de 73x42 metros de planta y otro de 30x13 con destino a la instalación de un secadero abierto y otro descubierto, un almacén de herramientas y materiales, instalación de máquinas para fabricación de teja y ladrillo, el motor de gas pobre para estas máquinas y oficinas para la dirección y administración de la industria"[6]. Como era terreo comunal, constituía unha cesión polo que "no dará derecho de propiedad sobre los terrenos ocupados, que será siempre del monte, al que volverán a incorporarse en cuanto la industria de que trata deje de funcionar por más de dos años o en caso de caducidad de la presente concesión."[7] A entrega destas parcelas foi o 14 de xullo de 1922. Non obstante, estes empresarios non continuarían coa edificación da fábrica se non que

[5] Arquivo do Concello de Valga.
[6] Ibídem.
[7] Ibídem.

cederían os seus terreos á sociedade Escuredo y Cía.

O primeiro movemento de Escuredo y Cía. para a construción da fábrica de ladrillos foi o da compra a Dª Lucía Novo Nuñez dunha terra en Pedriñas de arriba de 29,40 áreas "que limitaba a N, S y E con monte baldío y O. Con camino de carro que antiguamente conducía a Vilagarcía"[8] (o camiño Real).

No exercicio de 1922 xa aparece rexistrada na matrícula industrial a "fábrica de ladrillos de 300m3"[9] pagando de contribución 502,31 ptas, cantidade que se irá incrementando rapidamente polo aumento da produción.

Finalmente o 11 de abril de 1923 Manuel Otero Bárcena e Manuel Posada Fernández cederán os seus dereitos da concesión a Eugenio Escuredo, xa que se supón, como indica Seijas Llerena[10], que nun primeiro momento tiñan pactado un acordo para o uso dos terreos pola sociedade Escuredo y Cía.

Esta concesión ampliarase a petición da firma como se subscribe no pleno do Concello de Valga do 17 de Nadal de 1923: "...los señores Escuredo y compañía Sociedad Colectiva, domiciliada en Puente Cesures, presentaron en el referido Gobierno Civil instancia solicitando la concesión de 13 pertenencias mineras con el título de "Mercedes" para explotar caolín y arcilla, sita en el parage "Gándaras de Campaña" cuyo terreno pertenece en parte a dicha sociedad y lo demás en concepto de aprovechamiento común a los vecinos de Campaña..."[11]

Os veciños prexudicados protestarán a través do Sindicato Católico Agrícola de Santa Columba de Louro, presidido por Francisco Carbia Fariña, declarando a importancia deste momento para a economía campesiña no tocante ó alimento para o

[8] Arquivo do Concello de Valga.

[9] Matrícula industrial. Arquivo do Concello de Valga.

[10] Feiras, industria, comercio e transportes no concello de Valga (1850-1930). Daniel Seijas Llerena. 2006. Tese da Universidade de Santiago de Compostela.

[11] Arquivo do Concello de Valga.

gando e do toxo para facer abono. O pleno declarouse incompetente para resolvelo preito o 14 de xaneiro de 1924, deixando ó delegado gobernativo a decisión, que foi favorable ós intereses de Escuredo y Cía.

A fábrica de cerámica de Campaña baixo a propiedade de Escuredo y Cia. comezou a súa actividade a finais de 1921. Escuredo e Cia. a formaban Eugenio Escuredo Lastra asociado ós empresarios Jose Novo Nuñez, Salvador Sierra Trasande e Jose Sierra Martínez, que a súa vez formaban a sociedade Novo y Sierra de Pontecesures, adicada o comercio de ultramarinos e coloniais en grande escala, principalmente con América.

A maioría das accións eran de Eugenio Escuredo. Esta sociedade inscríbese no Rexistro mercantil de Pontevedra en 1923 cun capital social de 345.000 pesetas con domicilio social en Pontecesures. Esta sociedade duraría ata o 27 de novembro de 1927 cando Eugenio Escuredo vende a súa parte da empresa a Salvador Sierra que será o novo xerente da fábrica. A sociedade cambiará o seu nome ó de Novo y Sierra e Cía. como se ve reflectido no rexistro mercantil de 1930.[12]

Borobó no seu libro "O Cesures de don Victor" relatará este acontecemento:

"*...cuando D. Eugenio sorprendió a los cesureños con la súbita decisión de traspasar sus industrias y marchar a Guinea... El primer síntoma que tuve de ello, antes de que se enteraran muchas personas mayores, fueron las largas conversaciones que sostenían Escuredo y don Salvador, sentados en un banco depiedra arrimado al muro de la casa de las de Moreno... Poco tardó en saberse que Escuredo había vendido la mitad de la cerámica de Campaña a su*

[12]Feiras, industria, comercio e transportes no concello de Valga (1850-1930). Daniel Seijas Llerena. 2006. Tese da Universidade de Santiago de Compostela.

interlocutor, quien ya poseía unha porción de la otra mitad, como socio que era de la mencionada sociedad limitada.”[13]

A fábrica agora xa xestionada por Salvador Sierra Trasande continuará crecendo:

-Así en febreiro de 1927 o concello autoriza a construción dun embarcadoiro de formigón no lugar de Caneiras, a menos de un kilómetro da fábrica, co gallo de non ter que ir embarcar o ladrillo ata Pontecesures. No mes seguinte autorízase a concesión dunha líña de transporte aéreo de vagonetas dende a mina ata o citado embarcadoiro.

-En 1928 solicítase a ampliación dos traballos extractivos da mina Mercedes procedendo a destrución dun camiño de carro público que pasaba detrás da fábrica. Auméntase así mesmo a capacidade do forno ata os 352,90m3, pagando unha contribución

[13]O Cesures de Don Victor. Borobó. Concello de Pontecesures, 2003.





147: Embarcadero da fábrica Novo y Sierra. Fotografía do autor.

148: Torreta do cable aéreo para o transporte de vagonetas. Fotografía do autor.

de 2934,85 pesetas. Os dereitos de extracción da mina Mercedes quedaron taxados tras unha serie de litixios en 500 pesetas en 1930. Tamén extraerá barro na parroquia de Louro.

-En 1930 a sociedade Novo y Sierra y Cía. introduce unha segunda innovación mecánica nos terreos anexos á fábrica: un muiño a vapor de dúas rodas (2 pares de pedras de 130cm), unha contribución mais á progresiva mecanización que se estaba a dar no Baixo Ulla. Solo era necesario un operario para o seu funcionamento, como indica no "Censo general de patronos de este distrito que tienen personal asalariado"[14] de 1938. A sociedade Novo y Sierra y Cía. era a que tiña mais persoal ó seu servizo por enriba da fábrica de serradura de Manuel Otero Bárcena que tiña 12 empregados (10 delas mulleres) e da fábrica de serrar madeira da Viuva de José Abalo Otero.

-En 1940 concédeselle a Novo y Sierra y Cía. o arrendo dunha parcela pública anexa á fábrica, de 38,00 por 45,70 metros, por 100 pesetas anuais durante 20 anos.

-En 1957 a sociedade xa se denomina Novo y Sierra S.A. aínda que non aparecerá reflectido na matrícula industrial ata 1962.

[14] Arquivo do Concello de Valga.

-Os desmandes da empresa.

Dende os seus inicios a Sociedade Escuredo y Cía. e posteriormente Novo y Sierra y Cía. manterá unhas relacións de confrontación coa veciñanza e o Concello, mostrando actitudes caciquís, incumprindo as sentencias na súa contra de maneira reiterada, invadindo continuamente as propiedades particulares e públicas limítrofes, destruíndo camiños comunais sen permiso ou deixándoos nun deficiente estado de tránsito, mesmo impedindo a libre circulación por eles e polos montes veciñais.

Tamén contaminando os cultivos e poñendo en perigo a persoas e animais pola falta de seguridade nas súas escavacións e destruíndo as necesarias actividades que o campesiñado realizaba como parte fundamental da súas actividades de subsistencia.

A pesares das numerosas sentencias na súa contra durante as década dos anos 40, 50, 60, 70 e 80 , Novo y Sierra y Cía. ou non as acataba ou o facía con grande lentitude. A súa posición de poder como principal empregador da bisbarra permitiulle actuar dunha maneira despótica contra os veciños de Torre en Campaña e mesmo contra o propio concello.



149: Timbre de Novo, Sierra y Compañía. Arquivo do Concello de Valga.

-Primeiros conflitos coa veciñanza.

As protestas dos veciños xa comezaron apenas empezou a funcionar á fábrica en 1923 como xa comentaramos. En 1927 os veciños oporanse á construción do cable aéreo xa que os camiños que eran atravesados polo teleférico se farían "intransitables con carros"[15]. O concello apoiará as súas demandas. Novos problemas teñen sucedido pola extracción do barro ó redor do ano 1947. O concello instará á empresa ó valado das escavacións e a facer "desaparecer los escombros que depositaron en terrenos de uso público en las inmediaciones de la fábrica"[16].

Novamente en 1956 varios veciños presentan un recurso contra Novo y Sierra para que realicen o valado das escavacións, retiren a vía férrea "que atraviesa el camino vecinal que conduce a la iglesia...a fin de evitar...peligros para las personas y ganados...pues no existe valla ni seguridad alguna"[17]. Por último "que se abstengan en lo sucesivo de impedir o prohibir el derecho que los vecinos de Campaña tienen a pastorear sus ganados en los terrenos comunales próximos a dicha fábrica, sin perjuicio dela concesión que aquellos tengan para el aprovechamiento del mineral allí existente"[18]. O concello responderá instando a Novo y Sierra a valar ou rechear os buracos das excavacións e a "retirar la vía férrea que atraviesa el camino...tendida dicha vía sin autorización...o realicen el cruce con las debidas garantías de seguridad para el tránsito por el camino.[19]" No tocante ó acceso ó monte veciñal "requerir a la Entidad concesionaria a fin de que se abstenga de perturbar a los vecinos de Campaña en el libre pastoreo de los terrenos no afectados directamente por la concesión minera."[20]

[15]Arquivo do Concello de Valga.
[16]Ibídem.
[17]Ibídem.
[18]Ibídem.
[19]Ibídem.
[20]Ibídem.

O 16 de setembro de 1957, Cándido Yglesias Gil e outros 5 veciños diríxense ó alcalde denunciando a Novo y Sierra S.A. por pechar o Monte da Gándara de Campaña "donde muchos vecinos aprovechaban esquilmes y transitaban por sus inmediaciones para ir acortando distancias a sus propiedades, así como único secadero para centeno y pajas y pastoreo de ganado". Engaden ademais que nas zanxas que abre a empresa "se corre el peligro de ahogarse alguna persona o animal en el invierno...haciendo de aquel bello paisaje un lugar desagradable e intransitable." Finalizan dicindo "que en repetidas ocasiones nos hemos dirigido a Vd. por los abusos que se están cometiendo, pero nunca con tanta urgencia reclamamos su apoyo"[21].

O 14 de outubro 1957 Novo y Sierra S.A. contraataca realizando unha instancia para que un veciño retire uns palleiros da área da concesión mineira. "Desde hace unos diez años aproximadamente, D. Cándido Yglesias Gil vecino de Campaña, viene ocupando una parcela del monte nº129 del catálogo con unos almiares, que va renovando a medida que sus necesidades se lo exigen." "dado el tiempo que hace que los almiares en cuestión están en el monte nº 129...es evidente que su propietario adquirió la posesión de dicho terreno...", polo que o concello segundo o avogado Molins "debe abstenerse de intervenir en el asunto, reservando a las partes los derechos que puedan asistirles para que los ejerciten ante los tribunales de justicia."[22]


Finalmente notificaranlle o veciño que debe retirar os palleiros da mina Mercedes.

[21] Arquivo do Concello de Valga.
[22] Ibídem.

-Os primeiros intentos de control ambiental.

A petición do concello realizarase un informe sobre a industria de ladrillos Novo Y Sierra S.A. Neste se indican os 3 grandes buracos que ten abertos a fábrica, 2 dos cales están abandonados, así como os problemas derivados do stock de barro e do po que xera "ocasionando daños en los sembrados y en los enseres de las viviendas." A fábrica ten 6 chimeneas as cales desprenden fumes que "quema los sembrados por donde discurre", "cuyo grado de toxicidad ignoramos."[23]

[23]Arquivo do Concello de Valga..



150: Plano das Minas cerámicas de Campaña coa concesión á fábrica de Novo y Sierra. Arquivo do Concello de Valga.

-O intento de usurpación do monte de man común de Novo y Sierra.

A nova concesión de 46.052 metros cadrados mais de terreo de explotación mineira nas Gándaras de Campaña a Novo y Sierra en novembro de 1957 suporá novas disputas entre veciños. concello e empresa, xa que esta última comezará a impedir o paso ó monte común ós veciños tanto para o tránsito como para o pastoreo ou calquera outra actividade.

O concello pedirá a tres letrados un informe sobre as súas competencias na zona da concesión, así como do aproveitamento que puideran facer os veciños neste monte comunal e emitirá en pleno do 1 de Nadal un requirimento para que a empresa reabra e acondicione os camiños que obstruíra e que cruzan a concesión, especificando nos mesmo que tamén deberá retirar os rótulos de prohibición de paso polos mesmos e deixar de utilizar unha das chemineas da fábrica pola contaminación emitida.

A empresa presentará un recurso contra o concello no Tribunal Provincial o 19 de febreiro de 1959 sen ter acatado o acordo plenario. Neste recurso a empresa indica que os camiños foron construídos pola concesionaria e non son camiños antigos.

O Concello contestará cunha dura misiva asinada polo procurador D.Jacinto Mosquera Trapote. Nesta indícase que a empresa solo ten legalmente ocupadas 4 das 13 "pertenencias" das que forman o monte, únicas "pertenencias" onde pode extraer a arxila enumerando os punto onde a empresa está a cortalo paso. Tamén informa de novos desmandes ("atropellos"[24]) cometidos pola empresa nos camiños, os cales se fixeron sen autorización. Presentará unha serie de testemuñas.

O tribunal daralle a razón ó concello, obrigando a

[24]Arquivo do Concello de Valga.

empresa a súa reposición (excepción feita dun camiño que non cruza a concesión) así como a retirar os carteis de prohibición de paso.
Tamén, o Distrito Forestal de Pontevedra, con data de 9 de marzal de 1959, e a petición do concello proporase realizar o deslinde do monte comunal “en la necesidad de poner fin a las constantes discordias de la Entidad Novo y Sierra S.A.” constatando no seu informe tralo deslinde “que no se han cerrado en su totalidad las excavaciones para su explotación” e que “se han hecho excavaciones fuera de la concesión y que si se cierran por la Sociedad Novo y Sierra no puede haber daños para el monte”. Sinala ademais que “se interrumpe el libre paso de persoas e ganados en terreno no afectado por la explotación.”[25]
O 6 de xuño de 1959, Novo y Sierra S.A. chegará a presentar a 5 testemuñas que aseguran que non existiron nunca os históricos camiños que atravesan as Gándaras de Campaña, “durante los muchos años que ha transitado por la Gándara de Campaña no conoció más caminos que el llamado camino real y el que viene de Cordeiro y cruza la carretera de Puentecesures a Carril.” Ademais estas testemuñas responden que a zona oeste da mina Mercedes sempre teñen habido “terrenos rebajados y que se encharcan en invierno. ”Tamén engaden que fai mais de 40 anos houbo unha telleira na área e que daquela “ya estaban hechas grandes excavaciones, y por tanto antes que Escuredo y cía. y Novo y Sierra S.A. fundaden a compañía.”[26]
O 27 de setembro de 1959 o Tribunal do contencioso confirmará non obstante a sentencia de reposición dos camiños que a empresa evitará cumplir sen que suceda mais nada.

[25]Arquivo do Concello de Valga.
[26]Ibídem.

-Destrucción de camiños de uso público.

A "mala fe" da empresa.

En outubro de 1960 debido a unha nova denuncia de Sátiro Vazquez e outros veciños pola ocupación e destrución de camiños de uso público, o Concello prohibirá a Novo y Sierra S.A. o tránsito con camións polos camiños rurais e o amasado do barro nos mesmos camiños, así como atrincheirar os camiños con escombros. A empresa fará caso omiso de dita prohibición.

O 22 de novembro de 1960 a sala 4ª do Tribunal Supremo confirma a sentencia contra Novo y Sierra para o cumprimento da sentencia. Aínda así, a empresa presentará un recurso de súplica por non ter ben interpretado dita sentencia de reapertura dos camiños. Contra este recurso de súplica o Concello presentará outro ó Tribunal, asinado polo procurador, no que se afirma que a empresa Novo y Sierra S.A. “no repara en mentir con todo descaro: ya afirmando que la sentencia está cumplida, ya, en fin, prometiendo ejecutar lo que jamás estuvo ni está en su ánimo de hacer.” “porque de todos es conocida la mala fe con que obra la concesionaria.” A mala fe de Novo y Sierra S.A. faise patente xa que a concesionaria afirmara no tribunal “que la Sentencia estaba totalmente ejecutada, cuando es cierto que, no solo nada hizo a este respecto, sino que profundizó aún mas de lo que estaba el pozo que corta el camino...”[27] Tampouco abrira camiño algún, si non que tivo que facelo o concello, impugnando ademais a liquidación dos gastos relativos á actuación. Como parte mais grave escríbese que, apenas coñecida a sentencia do Tribunal Supremo e “con el exclusivo fin de perjudicar a sus vecinos, determinó según consta del último reconocimiento: a)atrincherar los caminos


[27]Arquivo do Concello de Valga.

Plano de las Gándaras de Campaña
(Ayuntamiento de Valga)

con escombros, para que el agua los invada, no obstante necesitarse esos mismos; b)...suprimir todas sus vías de vagonetas destinadas al transporte de barro, sustituyéndolas por camiones que circulan por los caminos rurales de autos que...dejan los susodichos caminos totalmente enfangados e imtransitables por personas, ganados y carros.” En derradeiro lugar sinálase o incumplimento da resolución firme do Distrito Forestal que lle ordenaba tapar os pozos abertos fora da concesión “no obstante los requerimientos que... le practicó el Sr Ingeniero Jefe de aquel subsector.”[28]

O 29 de xaneiro de 1962, Novo y Sierra S.A. “propietarios de las explotaciones mineras Mercedes nº606 y Cristina nº1499” parece acatar a sentencia nunha satírica instancia dirixida ó concello onde “propone” ó dito concello de darlle permiso para “poder tener arreglados y en perfecto estado, todos los caminos que discurren por la referidas propiedades mineras, en los recorridos que son utilizados por nuestros vehículos.”[29]

[28]Arquivo do Concello de Valga.
[29]Ibídem.



151: Plano das Gándaras de Campaña coa concesión á fábrica de Novo y Sierra. 1959. Arquivo do Concello de Valga.
152: Plano da ampliación da fábrica co novo secadero. Destrucción dos camiños existentes. 1963. Arquivo do Concello de Valga.

-A ampliación na fábrica. Novos problemas.

A partir dos anos anos 60 a fábrica experimentará un importante crecemento, o que lle permitirá amplialas instalacións de traballo e extracción:

-En 1963, o 10 de xullo, a empresa solicita a ampliación da fábrica para dotala de un secadoiro de materiais mais amplo. O 25 de xaneiro de 1964 aparece aprobada a ampliación no boletín da provincia. Os veciños oporanse nunha instancia á alcaldía do 22 de febreiro, xa que, segundo eles, o propósito da ampliación non é outro que o de "anexionarse un trozo de terreo comunal".[30]

O concello a autorizará o 13 de marzo de 1964 baixo certas condición de mellora dos camiños públicos.

-No 1967 Novo y Sierra S.A. solicitan a ampliación da concesión da mina debido á construción da rede de regadío do concello que pasa pola área concesionaria. A empresa solicitará posteriormente, recompensas pola perda de terreos debido o regadío.

-En 1970 recoñécese a xestión á empresa da parcela 129, coa prohibición de transitar polos camiños da Gándara. A empresa solicitará así mesmo a construción dun sumidoiro para as barreiras.

O 8 de outubro de 1973 o concello envía a Novo y Sierra S.A. unha misiva instando a legalizar unha serie de construcións na industria cerámica que fixeran sen a correspondente licencia municipal. Ademais, advirte a empresa de a empresa "parece estar iniciando ciertas obras en variación de caminos., sin tener conocimiento alguno este ayuntamiento y se le hace saber que no puede realizarlas sin previa licencia municipal y máxime si se trata de la variante de un camino público."[31]

-O 29 de xaneiro de 1974 Novo y Sierra S.A. presenta a documentación para ampliar a industria cerámica co

[30]Arquivo do Concello de Valga.
[31]Ibídem.

“Proyecto de construcción de nueva nave”[32], co gallo de obter a licencia municipal e melloralo camiño que dende a estrada de Pontecesures a Vilagarcia, conduce á igrexa de Campaña.

-O 20 de agosto de 1974 Novo y Sierra S.A. solicita unha nova licencia para a construción dun galpón de 55x35 metros. “El terreno en que se apoyarán los pilares de sustentación de este galpón, es precisamente de nuestra propiedad, por compra a distintos vecinos.” Esta solicitude será denunciada polo concello o 24 de agosto, xa que a empresa ha”empezado la construcción de un galpón, con cubierta de uralita, cuya autorización solicitaron...,pero que hasta la fecha no ha sido autorizado...; esta Corporación estima que donde se va a construir el galpón es terreno municipal en arriendo caducado, por lo que deben parar la obra iniciada y demostrar mediante escrituras de compra la adquisición de dichos terrenos, los que serán deslindados por ambas partes...”[33]

O 27 de Nadal de 1974 renóvase a concesión dos 1800m2 de terreos da fábrica de cerámica por un período de 10 anos ata a fin de 1983 por 12.000 pesetas anuais.

A pesares da renovación, o 6 de febreiro de 1975 o concello volve a paralizala obra por ser de maiores dimensións ca presentada no proxecto, instando á empresa a presentar un novo proxecto. A construción da nave permanecerá parada durante varios meses por usurpación de propiedade pública, por desviar vía pública sen autorización e pola falta de licencia municipal, xa que tiña só unha de 1921 de “una casa de planta baja, destinada a cocer teja y ladrillo y contiguo a un galpón para depósito de maquinaria."[34]

[32]Arquivo do Concello de Valga.
[33]Ibídem.
[34]Ibídem.


-Mais denuncias dos veciños.

Os veciños continuaron preiteando contra os continuos abusos da empresa:

O 8 de xaneiro de 1974 de novo os veciños envían unha queixa o concello: "...los señores de Novo y Sierra (haciendo daño, como es habitual en ellos) dirigen las aguas procedentes de los tejados de la fábrica...hacia el camino público que discurre desde la carretera de Cesures a Villagarcía...el agua en su discurrir por el camino va haciendo un surco cada vez más profundo, que terminará por cortarlo...Suplica a V.S. Se digne ordenar a esos señores que canalicen en las debidas condiciones las aguas, cosa fácil, y no causar perjuicio a los usuarios."[35]

O 11 de marzal asínase no concello o acordo para realizalo novo trazado do camiño de Torre á Igrexa de Campaña, costeada por Novo y Sierra S.A. e cedendo parte da súa parcela para realizala. Esta obra se realiza en compensación ó corte do camiño veciñal anterior pola ampliación da fábrica.

[35]Arquivo do Concello de Valga.



153: Sección do novo secadero. 1963. Arquivo do Concello de Valga.

-A contaminación cos campos.

En 1974 e a petición da Cámara Sindical Agraria iniciarase un proceso a Novo y Sierra S.A. pola contaminación dos campos próximos que repercute nas colleitas. Sanidade emitirá un informe sobre os danos e tamén a Xefatura Provincial de Produción Vexetal. Produciranse así mesmo varias denuncias de veciños por este motivo. O Concello solicitará a empresa a licencia de "Actividades molestas, nocivas y peligrosas" por mor dun decreto de 1961. A empresa oporase a solicitala afirmando que leva traballando dende 1921 se necesitar tal licencia.

Finalmente solicitarase unha nova clasificación de actividades para a empresa segundo o Regulamento do 30 de novembro de 1963 de actividades molestas, insalubres e perigosas e á Instrución do 15 de marzo de 1963. A nova clasificación clausurará as chemineas pequenas da fábrica.

O 27 de agosto de 1975 a corporación aproba notificar a Novo y Sierra a obriga de retirar o barro depositado en vía pública. O 4 de outubro a empresa limpa os camiños, aínda que non solicitou a licencia municipal de actividades.

O 1 de setembro Novo y Sierra S.A. finalmente solicitan a licencia municipal para a instalación dunha fábrica de ladrillo e tella a pesares de que levaba mais de 50 anos funcionando. Tamén no 1976, solicitarase a nova licencia para oficinas e para as novas concesións, xa que as antigas esgotáronse.

-O grande engano.

O 2 de setembro de 1976 o informe de 3 licenciados en Ciencias Químicas independentes descobre que a mina Mercedes contén unicamente arxila e non caolín, como a empresa fixera crer erroneamente dende que comezara o funcionamento da fábrica. A empresa estivera por este motivo exenta de pagar as taxas pola extracción de arxila. Agora descubríase que a empresa estivera enganando o concello dende hai 50 anos. O Concello levará a empresa os tribunais.

-Os derradeiros anos.

Os problemas causados ós veciños e ó Concello así como as denuncias destes á empresa continuarán co cambio de réxime político en España ata o seu peche definitivo. A fábrica pechará en maio do 2009, tras unha deficiente xestión. Os veciños lamentaranse tanto polos desmandes que cometeu impunemente a empresa como pola perda de postos de traballo que constituíu o seu peche.




154: Timbre de Novo y Sierra S.A. Arquivo do Concello de Valga.

O Barro

O barro era extraído principalmente nas barreiras das Gándaras de Campaña, na chamada mina Mercedes, xa usada dende tempo atrás polas vellas telleiras artesanais. O barro da primeira concesión mineira, a actual zona deportiva, esgotarase cedo e comezará a explotarse a zona sur da estrada Cesures-Vilagarcía, da que actualmente quedan dous grandes lagos como testemuñas.

O barro traíase así mesmo de Dena. A construción do cable aéreo e embarcadoiro en 1927, permitiu desembarcar a arxila de Dena co fin de misturalo co de Valga, que era de calidade inferior, como facían os telleiros artesanais. Ademais desembarcábase madeira para o forno cerámico. Outra parte da leña chegaba en carros procedente dos montes veciñais.



155: Plano mostrando a primeira concesión das minas de campaña a Novo y Sierra. Sen data. Arquivo do Concello de Valga.

O Forno e maquinaria

Cando comezou a funcionar a fábrica en 1922, o forno tiña unha capacidade de 300m3. En 1927, pasará a ter 352,90m3. Xa en 1941 a sociedade Novo y Sierra y Cía. aumenta a capacidade do seu forno ata 558m3. É a primeira constancia oficial de que na fábrica se estaba a usar un forno de tipo Hoffman, como figura na nova clasificación asignada á fábrica na contribución industrial de 1941: "Un horno de Hoffman con 558m3 de capacidad útil a razón de 120 por cada 10m3. Cuota del tesoro. Pesetas 6696,00".[36]

En 1963 a fábrica completarase coa instalación dun secadoiro "Moccia" automático de 120 metros de longo. A empresa continúa deste xeito a súa modernización, que completará ese mesmo ano coa substitución do forno Hoffman por un forno túnel da patente británica Gibbons, que aumentará ata 700m3 a súa capacidade. Este é o mesmo forno que posuirá ata o seu peche a fábrica de cerámica de San Claudio en Asturias.[37]


Desta maneira a fábrica está totalmente automatizada, con escavadoras para a extracción transportando a arxila á zona de stock onde as palas cargadoras alimentan o "Tren de fabricación", unha cadea de elementos montados en liña: Alimentador lineal automático, Muíño chileno de trituración e homoxenización, Cilindros laminadores, Misturadora, Galletera "ó vacío", a secadoiro "Moccia" xa mencionada, Elevador-cargador dos carros, Tren de vagonetas transportadoras, o tamén mencionado forno "Gibbons" e a pinza cargadora para a descarga e o amoreado dos materiais. A arxila se traballaba cunha porcentaxe de humidade de entre o 22 e o 25 por cento. Esta humidade eliminábase no secadoiro para poder levalos ladrillos ó forno sen roturas, onde

[36] Arquivo do Concello de Valga.

[37] Penetración y afianzamiento del ladrillo en la arquitectura asturiana del siglo XIX (1835-1936). Covadonga Álvarez Quintana. Actas del Primer Congreso Nacional de Historia de la Construcción, Madrid, 19-21 septiembre 1996.

cocían a 1150ºC. Posuía ademais unha cheminea de 49 metros de altura para a descarga dos gases de combustión. O combustible empregado era o Fuel-oil da compañía estatal Campsa.

156: Plano da fábrica Novo y Sierra coa nova maquinaria. 1963. Arquivo do Concello de Valga.



Produción e venda.

A comercialización de produtos de Escuredo e Cia. foi moi importante e en continuo crecemento sobre todo nas cidades de Vigo e A Coruña, que estaban en rápido crecemento. A construción do embarcadoiro e cable aéreo permitiu embarcar directamente os ladrillos dende a fábrica, sen ter que levalo en camións a Pontecesures. O ladrillo tamén era transportado, polo menos en parte, en ferrocarril.

En Vigo, cada 5 ou 7 días entraban veleiros que aparecen no rexistro de entrada con entre 15 e 25 toneladas de ladrillos procedentes da fábrica.[38]

Na Coruña, eran vendidos no almacén de "Viuda de José Novoa" que tiña a exclusiva da súa venda.

En 1964 a produción era do orde de 1750 toneladas mensuais de ladrillos ordinarios para a construción. O valor das instalacións era de 4.595.000 pesetas.[39]

[38] Feiras, industria, comercio e transportes no concello de Valga (1850-1930). Daniel Seijas Llerena. 2006. Tese da Universidade de Santiago de Compostela.

[39] Arquivo histórico de Valga.

157

ESCUREDO y C.ª
CERÁMICA DE CONSTRUCCIÓN
PUENTE CESURES
Telegramas: ESCUREDO

ALMACE
de Cereales, habichu
dras para molinos, s
y otros artí
Dolores Garcí

157: Anuncio de Escuredo y Cía. 25/12/1927 en El Heraldo Gallego.

Traballadores

En 1924 a fábrica ocupaba a 70 persoas, 48 homes e 22 mulleres. No 1938 o persoal era casi a mesma, con 24 mulleres e 47 homes, nos anos 1939 e 1940 eran 45 os empregados varóns. En 1963 o persoal permanente será de 60 obreiros contando a homes e mulleres. Nese momento a fábrica traballaba xa a tres quendas, para rendibilizar a calor dos fornos, tendo unha capacidade de produción de 200 toneladas ó día. Os traballadores serán tamén 60 en 1976.[40] A fábrica pechará con xa só 36 empregados.[41]

[40] Arquivo histórico de Valga.

[41] Diario de Arousa. 30/05/2009.

Referencias

Arquivo do Concello Valga. Libros e artículos de Seijas





158: Interior do depósito de arcilla da fábrica de Novo y Sierra. Fotografía do autor.

159: Interior da fábrica. Fotografía do autor.

2_A Caleira de Pontecesures.

Lugar

A empresa Caleras del Ulla estaba situada no lugar hoxe coñecido como A Calera en Pontecesures, no camiño que vai do monte de Porto ás Cortinallas e Devesa.

Historia

Fundada por Ramón Diéguez Carlés en 1923 quen tras ter estudado algúns cursos de química e farmacia en Santiago de Compostela, comezou a traballar no laboratorio madrileño do licenciado santiagués José Casares Gil, un dos mais importantes farmacéuticos do país e precursor do desenvolvemento da química en España. Aquí vai adquirir experiencia na análise química no sector da cerámica, o cal completará cunha estadía no levante español.[42] Diéguez Carlés, que proviña dunha familia de pequenos comerciantes, foi quen de fundar ó volver a Pontecesures ós 25 anos de idade unha fábrica de cerámica segundo se sinala na lectura do pleno do 23 de setembro de 1922 onde se asegura que a ocupación de terreos públicos para a instalación desta fábrica "no perjudica en lo más mínimo a los intereses del municipio" pero como o monte onde se quere instalar pertence ó estado se remitirá a obtención da concesión ó distrito forestal, que emite o 13 de xaneiro de 1923 un informe favorable sinalando que a fábrica "no perjudica a los intereses de los vecinos."[43]

Aínda que nun primeiro momento a empresa soamente se adicaría ó cocido e venda de cal, Diéguez Carlés xa tiña en mente o traballo da cerámica, o que conseguiría poucos anos despois na fundación de Cerámica Celta grazas á formación que acadara en Madrid e Levante. Cando solicitou a licencia para a

[42] Memoria industrial de Pontecesures, Valga e Catoira. ADR Ulla-Umia. Folleto sen data.

[43] Arquivo histórico de Valga.

construción da fábrica o 6 de febreiro de 1923, xa se fala de que no "monte titulado de Porto...parroquia de Requeijo, tiene proyectado construir dos hornos, uno de cocción de baldosa y artículos análogos y otro para calcinación de cuarzo pedenral y carbonato cálcico."[44]

Borobó describirá a Calera no seu libro "O Cesures de D. Victor": "Consistían en unos hornos de cal que se limitaban a cocer la caliza, traída por vía marítima y fluvial al antiguo porto de Xelmírez, procedente de Asturias o de otras regiones."[45]

A Cal

A materia prima era, posiblemente, de procedencia asturiana e chegaba en naves que descargaban no peirao de Cesures ata que se construiu un mais preto da fábrica.[46]

Os Fornos

eran dous fornos, un de cocción de baldosa e artigos análogos e outro para a calcinación de seixo pedernal e carbonato cálcico. Os fornos terán unha capacidade de entre 50 e 60 m3. Ademais construirá dous galpóns de 30 metros de largo por dez de ancho de planta baixa.

Traballadores

A fábrica empregaba a 7 traballadores fixos en 1924, 6 homes e unha muller.

Produción e venda

O cal producido utilizábase na construción e para o abono dos campos. Vendíase pola comarca e tamén chegaba ás cidades de Vigo e A Coruña

Referencias

ver bibliografía específica.

[44]Arquivo histórico de Valga.

[45]O Cesures de Don Victor. Borobó. Concello de Pontecesures, 2003.

[46]Feiras, industria, comercio e transportes no concello de Valga (1850-1930). Daniel Seijas Llerena. 2006. Tese da Universidade de Santiago de Compostela.

Caleras de Ulla

Dé todas clases para tierras y Sulfatos

CAL

Especiales para blanqueos y estuques

RAMÓN DIEGUEZ

160





160: Anuncio de Caleras de Ulla o 25/12/1927 en El Heraldo Gallego.
161: Fornos da calera na actualidade. Fotografía do autor.
162: **I**nterior dun dos fornos na actualidade.

3_A Cerámica Artística Gallega.

Lugar

No lugar do Cantiño, unha área tradicionalmente anegada polas cheas do Ulla,no camiño de San Xulián, en Pontecesures.

Historia

En 1925, apenas dous anos despois ter aberta a Cerámica de Campaña, o empresario Eugenio Escuredo Lastra, home emprendedor e inquieto, porá en funcionamento un obradoiro de cerámica artística inspirado no modelo que coñecera en Sargadelos e ó que chamará Cerámica Artística Gallega. O obradoiro constituirá o xerme da futura Cerámica Celta.

“Yo nunca fui persona de bares y tabernas, y como me sobraba tiempo, decidí hacer unos ensayos siguiendo lo de Sargadelos, si bien ello no fue posible dado que aquí el barro carecía de cierta calidad”.[47]

Escuredo, ante a expansión do obradoiro, buscará mercados en Europa e América. Será en Cuba e Argentina onde atope maior aceptación.

Escuredo topouse coa problemática de ter un barro de calidade baixa para este tipo de cerámica polo que as posibilidades de seguir a estela de Sargadelos esfúmanse.

No 1927 venderá os moldes das figuras a Ramón Diéguez Carlés, quen fundará a Cerámica Celta no mesmo 1927.

Este episodio o relata Borobó no seu libro “O cesures de D. Victor”: “Así como cedió a D. Salvador Sierra su participación en la fábrica de ladrillos, tengo entendido que traspasó Escuredo el utillage de su embrionaria cerámica artística a otro industrial cesureño, Ramón Diéguez Carlés, propietario de las Caleras del Ulla, situadas en el monte de Porto”.[48]

[47] Feiras, industria, comercio e transportes no concello de Valga (1850-1930). Daniel Seijas Llerena. 2006. Tese da Universidade de Santiago de Compostela.

[48] O Cesures de Don Victor. Borobó. Concello de Pontecesures, 2003.

O Barro

Descoñecemos con exactitude este dato, aínda que supoñemos que procedería de barro seleccionado das Gándaras de Campaña ou mais probablemente, de Dena.

O Forno

Non temos datos.

Traballadores

Escuredo Lastra contratou a un artesán portugúes de Brancelos e entrou en contacto co artista Francisco Asorey en Compostela, quen realizará os deseños dos primeiros moldes que saíron da cerámica: “os tesouros”, o “Pórtico da Gloria”, a “naiciña”, o “sepulcro del apostol” e outras pezas fabricadas coa imaxe de Galicia; todas deseñadas xunto a Victor García García-Lozano e Oría Moreno (encargada do coloreado e retocado das pezas no taller.)

Produción e venda.

Inglaterra e sobre todo Cuba e Argentina

Referencias

ver bibliografía específica.



163: Lugar do cantiño, onde estaba instalada a Cerámica artística gallega. Fotografía do autor.

4_A Cerámica Celta.

Lugar

No da Calera en Pontecesures, no camiño que vai do monte de Porto ás Cortinallas e Devesa.

Historia

